



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 31 DE XULLO DE 2008

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal (entrou ás 12,10 horas no salón de Plenos)
Dña.Laura Miguez Pérez
D.Manuel Rafael Estévez González
D. Manuel A. Gonzalez Marcote
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dña. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a trinta e un de xullo de dous mil oito, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR: Acta de 11 de xullo de 2008.

O Sr.Alcalde pregunta si hai algunha observación que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada por unanimidade a acta da sesión plenaria do 11 de xullo de 2008.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación de ditas resolucións.

**3.-DACION DE CONTA DA RESOLUCION DA ALCALDIA DE DATA 17 DE XULLO DE 2008
POLA QUE SE CREA O GALARDON "GENERAL DEL AIRE SANTOS PERALBA".**

Polo Sr.Alcalde dase conta de devandita Resolución.



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA

(PONTEVEDRA)

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN EN INSTALACIONES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra. Interventora, quen da conta da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Se propone al Pleno la **modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por los servicios que se prestan en instalaciones deportivas municipales**

El motivo que lleva a la modificación de esta Ordenanza es dar una nueva redacción a diversos artículos, así como excluir lo referente al uso de instalaciones que ya está recogido en la Ordenanza nº 2 que regula el precio público por uso de instalaciones municipales.

Asimismo se incrementa el cuadro de tarifas previsto en su artículo 4º en la variación del IPC desde la última modificación: **7,9 %**, y experimenta una subida complementaria del **12 %** para tratar de cubrir los costes del servicio en el caso de las actividades en colegios. Cumpliéndose en cualquier caso lo señalado en el artículo 24.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, según el cual los ingresos percibidos por las tasas establecidas por prestación de servicios, no pueden exceder del coste del mismo

Por todo lo expuesto, se eleva al Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

- **“Modificar los artículos 2, 4 y 5 y derogar el artículo 9º de la Ordenanza Fiscal nº 14 Reguladora de la Tasa por los servicios que se prestan en instalaciones deportivas municipales, aprobando unas nuevas tarifas previstas en el artículo 4º de dicha Ordenanza, cuya entrada en vigor se producirá de acuerdo con lo dispuesto en la Disposición Final de la misma”**

SR.RODAL, PP.- Esta modificación de la Ordenanza Fiscal nº 14 Reguladora de la Tasa por los servicios que se prestan en instalaciones deportivas municipales, tiene como objeto variaciones en diversos artículos, así como ya comentó la Interventora, actualizar el IPC en todas las actividades deportivas realizadas en nuestras instalaciones municipales, algo que no se realizaba desde abril del 2006; que, en su conjunto, asciende al 7,9%, además de incrementar en un **12 %** ciertas actividades deportivas que son claramente deficitarias llegando a un déficit actual del 740%, como son el baloncesto escolar, el fútbol escolar y la iniciación multideportiva, que pasaran a tener un coste por curso académico de 10 euros para el disfrute de una de estas actividades, y de 30 euros para el disfrute de 2 o más actividades. Una vez aprobada esta modificación de la Ordenanza Fiscal deberá publicarse en el Boletín Oficial de la Provincia, y se comenzará a aplicar para el próximo curso escolar 2008-2009.

SR.LORES, PSOE.- Dende o grupo socialista normalmente non entramos nestes temas de xestión de goberno, pero sí temos que facer algúns comentarios; primeiro, no informe se dí que o conserxe de Covaterreña ten unha asignación por horas extras realizadas polas tardes de 5.878 euros ó ano, isto parécenos un pouco excesivo tendo en conta que ó que son as actividades nos Centros son 6 horas á semana, os mércores, e o lúns xa está o conserxe en horario lectivo, dá a sensación que o conserxe polas tardes fai máis cousas que atender o que é a actividade en sí; parécenos que se está inflando un pouco o



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

gasto desta actividade; por outro lado supoñemos que tamén os conserxes dos outros Centros tamén teñen este mesmo traballo e aquí non se contempra.

Tampouco entendemos moito como este tipo de actuacións non van precedidas dunha reunión co Consello Escolar Municipal onde se trate de optimizar recursos e de ver cales son as necesidades e a realidade concreta destas actividades nos centros escolares, e incluso que se teña algún tipo de contacto ou coordinación coa Dirección dos Centros escolares para poder optimizar gastos e que as cousas saian un pouquiño máis económicas. En principio nós vamos a abstermos neste punto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha vez máis o Partido Popular fai gala dun dobre linguaxe, cando a bombo e platillo están falando na televisión a nivel de todo o Estado de que hai unha crisis tremenda e que se deben contener os gastos, pois o PP de Baiona nos sorprende unha vez máis cun incremento nos custos, neste caso, das actividades deportivas nas instalacións municipais, co IPC; IPC que, en todo caso, o BNG ten apoiado esta suba noutras ocasións; neste caso, co tema da crisis tan levada para adiante e para atrás nos parece un pouco inxusto. Tamén creemos que son uns prezos bastante caros para que a xente practique deporte, que creemos que debe fomentarse, e é máis caro aínda cando as instalacións se pagan e non se poden usar debido, sen ningunha dúbida, á xestión nefasta da concelleira de Deportes que manda ós campeóns que gañaron en todo o que se presentaron do baloncesto e tiveron que ir a facélo a Nigrán; polo tanto, dobre caro.

Creemos que si o ano 2007 o goberno local foi quen de non facer esta suba nin da IPC porque estabamos en vésperas de eleccións municipais, neste ano que estamos en crisis, Sr.Alcalde, creo que o bolsillo dos baioneses e das baionesas deberíase ter en conta e non soamente pensar nos intereses partidistas do PP e non traer esta moción ó Pleno; nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Creemos que a subida é bastante razoable e é certo tamén que durante varios anos non se fixo esa subida, e nós somos partidarios de que de xeito automático debería incrementarse o IPC en todas as taxas posto que é unha maneira de adaptarse á subida da vida que lamentablemente se está producindo. Penso que no Concello de Baiona, no sentido de instalacións deportivas, damos moitísimas facilidais, e é máis: somos un Concello, dende o punto de vista municipal, deficitario, porque posiblemente sexa maior o gasto que nos xenera o mantemento e conservación desas instalacións, que os ingresos; porque cando se fala de instalacións deportivas hai que falar de todas as instalacións, dende Val de Martín ata o campo de fútbol do Aral, vestiarios, Pavillón de Deportes, duchas, servizos que se prestan gratuitamente ós Colexios, etc. Creemos que está é unha subida razoable en materia de deportes, xa que son moitas as actividades que se están facendo; aínda que dende o noso punto de vista, e penso que o goberno llo vai a facer así, que é moito mellor subir todos os anos a cantidade que corresponda e non esperar a facer esta suba de varios anos xuntos; aínda así, esta subida é razoable e o informe de Intervención así o atestigua, polo tanto nós estamos a favor deste tema.

SR.RODAL, PP.- Estabamos falando de la subida sobre todo en esos 3 conceptos de actividades deportivas: baloncesto, fútbol, e iniciación multideportiva; antes se pagaban 15 euros por 8 meses de curso escolar, entón o incremento es de 3 euros pero sale a 2 euros y pico al mes; obviamente nosotros desde el PP queremos potenciar los deportes y Baiona es uno de los municipios donde hay más actividades deportivas, y simplemente viendo la estadística, en el año 2003-2004, que creo que estaban gobernando ustedes, había 481 personas, tanto niños como mayores, haciendo actividades deportivas en nuestro Concello, y a día de hoy, y tendo que felicitar a la Concejala de Deportes, hay 958 personas en este curso escolar que ya ha pasado; de 481 pasamos a 958, hemos incrementado en un 100%; y en su época en actividades extraescolares eran 98 niños los que ejercían esas 3 actividades y ahora mismo este año han sido 220; por lo tanto creo que en Baiona estamos apostando muy fuerte porque haya actividades deportivas tanto para niños como para mayores, por potenciar muchísimo el deporte, creemos que es un pilar fundamental en nuestra sociedad, y seguiremos apoyando a la Concejala de Deportes para que siga trabajando como lo está haciendo hasta ahora.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- Queremos facer fincapé no tema das actividades nos Centros Escolares; entendemos que nesta subida poderíase haber tido en conta que o Concello vaise aforrar o gasto de mantemento dos Centros escolares posto que a partir do curso que ven vaise facer cargo a Consellería de Educación; gustaríanos que eses cartos que se aforran no mantemento dos Centros escolares revertiran directamente no colectivo escolar; ao mellor ahí poderíase facer algunha rebaixa, e que os nenos e nenas de Baiona poideran non só ter as actividades que teñen a un prezo máis asequible, senón que incluso se podería aumentar a oferta de actividades. Nada máis, moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Rodal, cando fale vostede de contas fale de todo, non do que lle interesa soamente; xa que contou das actividades deportivas nos Colexios e das súas cantidades, cónteme cantas bandeiras azuis conseguimos nós e cantas conseguiron vostedes; nada máis.

SR.ALCALDE.- Lóxicamente, como decía o Sr.Lores, todos os aforros que poidamos conseguir van a ser invertidos, pero posiblemente temos unha taxa das máis baixas da Provincia de Pontevedra, e como decía o Concelleiro, co maior número de actividades; pero trataremos de que todos os aforros sexan adicados a inversións, á mellora das instalacións, para que se poidan practicar máis deportes, máis actividades.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 8 abstencións, 6, PSOE, e 2, BNG.

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

MODIFICAR os artigos 2, 4 e 5, e deroga-lo artigo 9º da ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, coa APROBACION de novas tarifas previstas no artigo 4º de dita Ordenanza, cuia entrada en vigor produciráse de acordo co disposto na Disposición Final da mesma”

5.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DO SERVIZO DE GRUA.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Interventora, quen da conta da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Se propone al Pleno la **modificación de la Ordenanza Reguladora de la Tasa por prestación del servicio público de grúa para la retirada de vehículos de la vía pública y su custodia.**

El motivo que lleva a la modificación de esta Ordenanza es aprobar un nuevo texto, con el fin de adaptarlo a las peculiaridades de este servicio, estableciendo unas normas de gestión, y fijando más claramente la cuota y su devengo.

Asimismo se incrementa el cuadro de tarifas previsto en su artículo 5º en la variación del IPC desde la última modificación: **7,5 %**, y experimenta una subida para tratar de cubrir los coste del servicio del **4 %**



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

en el caso del servicio de grúa y del **40 %**, en el caso del servicio de depósito y custodia. Cumpléndose en cualquier caso lo señalado en el artículo 24.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, según el cual los ingresos percibidos por las tasas establecidas por prestación de servicios, no pueden exceder del coste del mismo

Por todo lo expuesto, se eleva al Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

- “Aprobar una nueva redacción de la Ordenanza Fiscal nº 10 Reguladora de la Tasa por prestación del servicio público de grúa para la retirada de vehículos de la vía pública y su custodia, así como unas nuevas tarifas previstas en el artículo 5º de dicha Ordenanza, cuya entrada en vigor se producirá de acuerdo con lo dispuesto en la Disposición Final”

SR.RODAL, PP.- Como en el caso anterior, la modificación de esta Ordenanza Fiscal conlleva la actualización del IPC, que en este caso es desde mayo del 2006, que será del 7,5%; incrementado en el 4 % en el caso del servicio de grúa, por traslado, de forma que se pasará de los 63,20 euros actuales a 70,70, en caso de enganche y traslado al aparcamiento público; y en un incremento del 40 % en lo concerniente al depósito y custodia del vehículo, pasando de los 6,30 euros actuales a los 9,30 euros, adaptándolos al coste del aparcamiento público, y siempre sin exceder dichas tasas de lo que dicta la Ley sobre el coste por la prestación del servicio.

SR.LORES, PSOE.- Actualizar las tasas nos parece, en principio, correcto; o que pasa es que aquí hay cierto tufillo de que pueda haber una cierta intención de encher los aparcamientos de Baiona porque primero aquí hacemos presión para eliminar plazas de aparcamiento en la superficie próxima a los aparcamientos, después hacemos una serie de intervenciones para que los aparcamientos sean rentables, e ahora, por último, potenciamos e pagamos a los aparcamientos, aumentamos las tasas de grúa para que esos aparcamientos sigan teniendo más beneficios; independientemente de que puede ser razonable este tipo de actuaciones para que los costes de estos servicios no sean deficitarios, justo parece que va todo encaminado en una periodicidad temporal que da una cierta sensación de que hay algún interés más allá de que el servicio municipal no sea deficitario, sino que parece que va más bien para que los intereses privados tengan más beneficios, e esto a nosotros sí que nos preocupa, nos preocupa tanto interés en incrementar los beneficios privados.

SR.FERNANDEZ, BNG.- La última vez que se habló de este tema en el Pleno nosotros dijimos o incluso que vamos a decir ahora: sigue siendo una tasa deficitaria e creemos que el Concello no debe subvencionar la grúa tal e como está haciendo cosas que incurrirán en ilegalidades, por lo tanto seguimos en la misma tesitura, no creemos que se ajuste aún a la realidad e por lo tanto nosotros vamos a abstenernos.

SR.VILAR, CMÑ.- Creemos que esto es correcto ya que ahora a los infractores les compensaba que les retiraran el vehículo puesto que así o tenían cubierto en un aparcamiento e o que pagaban casi les resultaba más barato que si depositara allí el coche cualquier persona durante un día completo.

Creo que esta modificación que ahora tratamos, de algún modo regula un tema que la práctica estamos mirando que estaba mal hecha; por otra banda aquí se dice que se intenta meter los coches en aparcamiento privado, yo creo que a los habitantes de Baiona les gustaría estar en la situación de Baiona, porque para retirar los coches de la superficie e meterlos en un aparcamiento soterrado primero hay que tener el aparcamiento construido. Nosotros tenemos 2 aparcamientos importantes, tanto el de Palma como el de Aral, que no son privados, son aparcamientos municipales, de hecho en el de Palma tenemos una gestión que es propiamente municipal, e el otro es una concesión a 50 años pero no deja de ser un aparcamiento municipal, e por supuesto que retirar los vehículos de la superficie tendría que ser un objetivo para todo el mundo; no podemos pretender aparcar todos en la vía, imaginen que los que tenemos garaje aparcaríamos también el nuestro coche en la vía, entonces esto sería caótico, no es un derecho que tiene el ciudadano, aparcar en la vía por ser propietario de un vehículo, no es un derecho; el ciudadano que tiene un vehículo tiene que tenerlo a resguardo o aparcarlo en las zonas habilitadas para ello. Somos un



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Concello organizado, e canto máis pequeno sexa un Concello como o noso, con máis casco urbano, máis normas temos que facer e máis obrigado cumprimento temos que esixirlle ós veciños, e ahí temos todos que implicarnos e esta é unha medida que debería apoiar toda a Corporación.

Creemos que esta medida é correcta e xa nos gustaría que o servizo de grúa fora máis activo, que fora activo pero que non tivera que actuar, ou sexa, que a xente tivera conciencia de que cando chega a Baiona o primeiro que ten que facer é pensar onde teñen que aparcar o coche sen causar molestias, o que nos pasa a nós cando vamos a Vigo, vamos dereitos a un aparcadoiro soterrado, non se nos ocorre pensar en deixar o coche aparcado na rúa, na superficie; polo tanto a Corporación debería estar totalmente unida neste tema por ser de interés xeral, e governe quen governe ten que seguir por este camiño; nos parece razoable este asunto e dende o noso punto de vista creemos que hai que tomar máis medidas, seguir con estas medidas, non so nos aparcamentos senón en todo o que son servizos municipais, porque repito, nun pobo como Baiona, cunha característica urbana e de concentración de poboación, temos que ter estas normas moi ó día, ser moi esixentes con elas para facilitar a convivencia de todos. Estamos a favor deste tema sen fisuras; moitas grazas.

SR.RODAL, PP.- Decirle al Sr.Lores que esta medida no es una medida para potenciar o para agilizar a las empresas privadas, tanto sea el servicio de grúa como el aparcamiento; decirle también que en el año 2006 hubo una retirada en la época estival de 131 vehículos y en el 2007 una retirada de 95 vehículos, si realmente estuvieramos con afán lucrativo obviamente no habría este descenso; lo que se pretende es regular, y el servicio es deficitario, como ustedes han podido ver en la información actualmente hay un déficit de un 216% de servicio, y con esta nueva tasa, que está dentro de la Ley, llegaremos al 44%, entonces obviamente es un servicio que es necesario, como comentaba muy bien Manolo Vilar lo ideal es que no tuviera que retirarse vehículos de la calle, pero como también dijo, hay gente que no coopera, por ello este servicio es necesario para los baioneses y para todos nosotros. Nosotros apostamos porque se puedan mantener unos costes dentro de la legalidad, como es el caso de esta subida, que aún está por debajo del límite permitido.

Por último, pedirle a todos los baioneses y a todos los turistas que sigan cooperando para que así cada año tengamos menos recogida de coches con la grúa.

SR.LORES, PSOE.- Sorpréndeme a doble linguaxe que pode ter o goberno de Baiona cando unha concesión pode ser privada ou pode ser pública depende de onde esté, si é do Concello é un aparcadoiro público cunha concesión privada, si é de Portos é privatizar a ría; creo que ese mesmo argumento hai que aplicálo en todas as situacións; cando nun sitio se fala de ordenar, vostedes falan de que se está alimentando a empresas privadas, que hai intereses, etc., creo que as cousas si son, son, e senón son, non son, pero hai que seguir na mesma liña.

Nós non estamos en contra de que se actualicen, de que as taxas, sobre todo por infraccións, non teñan costes para o Concello, todo o contrario; o que criticamos é que parece que hai unha tendencia (porque non é unha actuación aillada, parece que é unha sucesión, que non sabemos onde vai a rematar isto) a potenciar esa falta de rentabilidade dos aparcadoiros en Baiona, que ó mellor teremos que facer outro tipo de intervencións, non o sei, pero o que non podemos é enmascarar; si é así, falamos de "tufillo".

Si falamos do aparcadoiro da Palma, dende aquel último Pleno non volvimos a saber nada máis, tería sentido que nun Pleno se nos explicara cales son as situacións, como está ese aparcadoiro a partir daquela recuperación, que se nos explique algo, porque xa nós daquela decíamos que non entendíamos nada e cada vez entendemos menos, houbo un momento en que houbo moito interés en traer aquí ó Pleno este tema e de repente, cando isto se recupera, xa non sabemos nada máis; non sabemos si hai concesión, si non hai concesión, quen o leva, que beneficios, etc. Polo tanto pediríamos que nun próximo Pleno se traia aquí cal é a situación actual do aparcamento da Palma porque xa que é municipal creo que nos deberían informar. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Comentarlle ó Sr.Lores que posiblemente, case con total seguridade, no Pleno de setembro seguramente haberá información e os avances que se presentan, unha nova concesión; decir que este ano é



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

a primeira vez que o Concello de Baiona recibe diñeiro da concesión da Palma, por primeira vez neste ano; entón no próximo mes de setembro terán información con datos eu creo que moi interesantes.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 8 abstencións, 6, PSOE, e 2, BNG.

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

- **APROBAR unha nova redacción da Ordenanza Fiscal nº 10 Reguladora da Taxa por prestación do servizo público de grúa para a retirada de vehículos da vía pública e súa custodia, así como unhas novas tarifas previstas no artigo 5º de dita Ordenanza, cuxa entrada en vigor produciráse de acordo co disposto na Disposición Final.**

7.-APROBACION, SE PROCEDE, DAS FESTAS LOCAIS 2009.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, PP, quen da conta da seguinte:

PROPOSTA DO GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE BAIONA

Os concelleiros integrantes do grupo goberno do Concello de Baiona formulan, dentro das competencias do Concello en materia de festas locais, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte proposta:

Primeiro.-Aprobación como Festas Locais en Baiona para o ano 2009:

- **Festa de Santa Liberata: 20 de xullo de 2009**
- **Luns da Anunciada: 3 de agosto de 2009**

Segundo.- Remitir este acordo a Consellería de Traballo.

SR.LORES, PSOE.- Como xa fixemos no ano anterior nós aquí non vamos a entrar; o único comentar que non sei porque en vez do día 3 non se puxo o día do Carme que parece que ten un pouco máis de interés, pero realmente dámos igual, vámonos a abster.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Unha vez máis o goberno local segue defendendo unha festa da que non se enteran máis que 4 baioneses e baionesas que asisten a unha procesión e se enteran eles solos de que es Festa Local.

A importancia mariñeira neste pobo creemos que debe reflexarse nunha Festa Local do ano que ven facendo o día do Carme, que é o 16 de xullo, xóves, Festa Local; e sobre a segunda festa creemos que debemos levar adiante a iniciativa que se está levando en Nigrán de que cada Parroquia, rotativamente, sexa Festa Local un ano tras outro cada unha delas. Creemos que hai que potenciar o peso específico que teñen as parroquias neste Concello e polo tanto todas elas e de maneira rotativa, cada ano, deberan ter a súa Festa Local.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- E unha pena que na Comisión Informativa, na que había posibilidais de falar e tratar de ver si se podían acercar posturas, o BNG non dixera absolutamente nada.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Xa o temos dito outras veces e como si nada, Sr.Alcalde, é o mesmo que digamos que non digamos.

SR.VILAR, CMÑ.- Falando das Festas Locais, decir que na Comisión Informativa se pón sempre o tema sobre a Mesa e se analizan todas as posibilidais de todas as fechas posibles, o que pasa é que nós estamos suxetos a un calendario que é móbil e lóxicamente iso nos obriga a facer cambios. Entre outras cousas para nós hai unha Festa Local que é irrenunciable por razóns históricas, que é o día 1º de marzo que este ano cadra en domingo, entón non se pode contemplar ese día, por isto nos vimos obrigados a cambiálo.

Quero tamén que quede claro que nós nos últimos anos introducimos unha festa tradicional, e o Sr.Fernández está de acordo con ela, que é a Festa de San Cosme, que se está intentando incluso meter no calendario todos os anos posibles, e que é unha das festas preferenciais; o que ocorre é que San Cosme este próximo ano tamén cadra en fin de semana polo tanto vemos xa que esas duas festas non hai posibilidade de incluílas como Festas Locais.

Quero decirlle ó Sr.Fernández que non me veña coa comparación de Nigrán, Nigrán é un Concello rural, rural, que ten unha serie de parroquias; non é un Concello que teña a historia municipalista que ten Baiona. Baiona lóxicamente ten unha historia municipalista propia, e non olvide que a igrexa de Santa Liberata é propiedade municipal, do Concello, e alberga unha gran tradición non só en Baiona, senón en toda a diócesis; si vostede asistira ós actos de Santa Liberata xa se enteraría que cando foi declarada a festa de Santa Liberata foi en toda a diócesis, independentemente que sexa unha tradición que se perde nos séculos dos orixenes do cristianismo, eu nese tema non quero entrar, pero sí que é unha tradición moi ligada á vida de Baiona ata o punto de que a propia capela, repito, é municipal. E xa lle gustaría a Nigrán e a outros Concellos ter esa tradición de Vila de realengo como é Baiona; non olvide que agora, por exemplo na Coruña, se están celebrando os actos fundacionais da Coruña por Alfonso IX cando nós fomos fundados antes que a Coruña, xa celebramos antes eses actos e somos un Concello que ten un monumento adicado a Alfonso IX; digo isto pola importancia histórica que ten Baiona e que vai ligada a Santa Liberata, esa festa que vostede con tanto desprezo dí: “e que se reduce a unha simple procesión”, non; a festa de Santa Liberata ten moita máis tradición da que vostede cree, en Baiona e nas suas parroquias, porque son moitas as xentes que acuden a Baiona nesta festa, algúns por devoción, outros por ser unha festa onde se xuntaban todos os veciños das Parroquias nunha feira que había en torno a Santa Liberata, que desgraciadamente desapareceu e que ao mellor habería que potenciar nun futuro.

En canto a outra festa do lúns, da Anunciada, é unha festa eminentemente mariñeira, é dicir, que nós non descuidamos a nosa vocación mariñeira; poderíamos manexar a Festa do Carmen, pero con esta festa nestes momentos hai unha división entre o que é a procesión de terra e os mariñeiros, ós que nós lle ofrecimos incluso o ano pasado ser o Carmen festivo pero eles non queren, os mariñeiros queren ter a festa do Carme en domingo, non queren que ese día sexa festivo, non sei porque razóns, non sei si é porque teñen que facer paro biolóxico ou porque non poden ir ó mar, non o sei; pero a verdade é que eles mesmos dixeron que preferían facéla un domingo, o tema marítimo; a outra festa do Carme está ligada á tradición existente entre a xente cunha gran devoción; e nós rescatamos o lúns da Anunciada, que é unha festa eminentemente mariñeira, vai adicado ó lúns das vellas, ós mariñeiros falecidos, hai misas, e sempre está enfocada ó tema do mar, e ten a tradición de cando a flota pesqueira da sardiña paraba con motivo desta festa da Anunciada porque alí coincidían as lunas, era unha época na que non se podía ir ó mar; polo tanto quero decirlles, e por iso fago esta historia, que as festas que presentamos aquí foron moi reflexionadas, moi meditadas, e por suposto creo que se axustan á nosa tradición; non é algo que nos saquemos da chistera aquí e nos inventemos unhas festas, non, é algo que está ligado á nosa tradición, eu xa sei que vostede sempre dí “vostedes soamente pensan en Baiona, non pensan nas parroquias”, non é así, ¡pero si vostede nin siquiera vai ás festas parroquiais!, é certo: vamos nós e vostede non vai, con todo o que presume das parroquias e resulta que non vai; eu lle invito a que por fin este ano o faga, a ver si o vexo nalgunha festa parroquial, sería unha satisfacción para mín.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Unha aclaración: preguntei en Nigrán e me dixeron que se intentou facer e que houbo follón e non se levou a cabo o que vostede decía das festas nas diferentes Parroquias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu dígolle que mañán en Nigrán é festivo e fai 1 ano non o era, ou sexa, sí se están facendo rotativas.

SR.ALCALDE.- Ten que ir máis a Misa, que non lle cadran os datos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vou a contestarlle ó Sr.Vilar que acaba de decir unha frase que é para escribir nun libro: "historia municipalista"; vamos a explicar polas parroquias o que é a historia municipalista; mire Sr.Vilar, ó PP, e a vostede neste momento o considero incluído nel, polo menos no seu goberno, ten uns vínculos moi fortes co clero, moi fortes; proba delo é que aínda fai uns días, na festa de Santa Cristina, cardenais, obispos, e non sei que máis cargos eclesiásticos, despois de pedir que a xente colabore coa igrexa, etc., os discursos que fan sempre en cada Misa, se foran ó terminar a mesma a un coñecido restaurante coas forzas políticas máis reaccionarias que hai neste pobo; se foron a comer a base de marisco, coas forzas políticas máis reaccionarias, repito, que hai neste Concello; vílos eu, persoalmente. Ese é un dos vínculos fortes que ten o goberno co clero, e por iso Santa Liberata, e eu non teño nada en contra de ningún santo, nin a favor, pero outra cuestión é vínculo forte que ten este goberno é a historia municipalista, a Vila de realengo, é decir: Baiona primeiro, Baiona segundo, e Baiona terceiro; e ás parroquias son uns núcleos de poboación que están aillados por ahí, e hai que darlle algún servizo e se acabou, e cando ven o diñeiro do Estado para as parroquias se mete no casco de Baiona, como leva vostede facendo toda a vida e como está facendo este goberno local; todo o diñeiro que ven dos Plans Provinciais se meten no casco de Baiona, e se vai a seguir metendo mentres vostedes estean gobernando; eu o que non sei é como se xustifican os concelleiros e concelleiras do goberno local nas súas propias parroquias; eu escoito en Sabarís, e en Baredo, e en Belesar, o que opinan deles; eles farán oídos sordos, alá eles. Nós creemos que as parroquias teñen que ter a súa parte destacada neste Concello e por iso facemos esa proposta, en Nigrán se fixo, non sei agora, houbo unha época que se fixo e resultou ben, resultou correcta porque eu me acordo de ser un día San Pedro, outro día San Xoan, é decir, son días alternativos; para nós tería que ser así: que o Concello sexa todo, non que Baiona sexa soamente o núcleo e o casco histórico de Baiona; para nós Baiona é o Concello, e eu me considero tan baionés como vostedes, e nacín en Sabarís e vivo en Sabarís, pero para mín son baionés porque pertenezco ao Concello de Baiona; polo tanto esa é a nosa proposta, e quizás fagamos este tipo de propostas porque os nosos vínculos, que tamén os temos, son con todos os cidadáns, non con o clero de Baiona, nin co clero nin con o casco histórico, nin con esa "historia municipalista", como dixo vostede.

SR.ALCALDE.- Do menú informaronlle mal, eu estiven presente e podo decílo; e mira unha cousa, estiven fai 2 ou 3 anos en Sevilla para a compra da Carabela Pinta, coa Presidenta de AGESA, unha persoa encantadora que se chama Carmen Rodríguez Ares, e como indica o apelido é de orixen galego, está nomeada Presidenta de AGESA polo ministro Pedro Solbes, é do equipo de Pedro Solbes, é galega, non é do Partido Popular, e comentoume unha cousa e quedeime coa copla, que dí que o señor Cardenal de Sevilla, Sr. Amigo, que estivo en Sabarís, que era unha persoa encantadora que tiña reunións, que citaba e tiñan charlas semanais nas que estaba xente de todo tipo, concretamente Carmen era unha das tertulianas que estaba invitada, e indicaba o que debe ser a sociedade: non ser sectaria, ser aberta, escoitar, hai xente que ten moito que decir, independentemente de si se é crego, médico, ou peón de obra, da exactamente igual; eu creo que hai moita xente que ten moito que dar a coñecer para que se poida aprender, e creo tamén que non se debe renunciar nunca á historia dun pobo, e Baiona gracias a Deus ten moita historia e é bó que a siga tendo, nós dende logo vamos a seguir recoñecendo o que se fixo ben e o que se fixo mal, agora, na época dos Reis Católicos, e na época dos romanos, exactamente igual; e vamos a estar abertos, non vamos a estar pechados absolutamente a nadie.

E cando dí vostede que respeta ás Parroquias a mín me gustaría que dixera por fin si vostede está de acordo en que se nomee a San Lorenzo, por exemplo, unha festa local, porque non entendo cal é a diferenza: vostede ataca á relixión pero logo está de acordo en que si é San Lorenzo sí, pero si é Santa Liberata non;



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

hai que decir as cousas claras, queremos, estamos de acordo co tema dos santos das Parroquias do Concello ou temos unha concienciación ligth que non queremos iso; eu creo que o Bloque neste momento ten unha división, os hemisferios cerebrais non están conectados e por un lado defende que é moi politicamente correcto falar das Parroquias e despois decir "pero no Santa Liberata", San Lorenzo sí porque é de Belesar, e si fora do casco de Baiona non.

Vostede segue decindo sempre que é de Sabarís; vostede non vive en Sabarís, vive no Caeiro, que é da Parroquia de Santa Cristina da Ramallosa, hai que explicálo porque as veces vostede se desorienta; vostede estivo no goberno, e vostede, que coidaba tanto das Parroquias, construíu un parque infantil no parque da Palma; o goberno que víu a continuación, que eramos nós, fixo ún na parroquia de Santa Cristina, no Urgal, e en Bahiña, iso é a defensa das parroquias.

Eu aínda recordo cando vostede nun Pleno, vostede no goberno e eu na oposición, á miña pregunta de cando ía pór o saneamento na Granxa e dixó vostede que iso era moi caro; pois nós, a continuación, o puxemos; o saneamento na Granxa se fixo gobernando nós, non vós; polo tanto ¿que fixo vostede polas parroquias?, falar moito, pero de facer nada de nada; iso é demagogia: utilizar unha festa local e decir que hai que facer rotatoria a festa nas parroquias; "non creo na relixión pero sí San Lorenzo, ou sí Santa Cristina, ou sí a Cela, ou sí Santa Marta", hai que télo claro: ou creemos ou non creemos, ou estamos de acordo ou non o estamos, pero non faga demagogia porque a xente non é tonta, e o que pensan as Parroquias dos concelleiros o dixerón xa fai 1 ano, e posiblemente pensen mellor de uns que de outros, pero así é a democracia, iso é o único que estamos defendendo; e senón estivera a xente de acordo, nas seguintes poderá cambiar o tema.

SR.FERNANDEZ, BNG.- E evidente que vostede confunde o tociño coa velocidade.

SR.ALCALDE.- E vostede o marisco coa carne.

SR.FERNANDEZ, BNG.- En todo caso eu non falei mal en absoluto do Cardenal, non o coñezo, polo tanto non podo decir nin unha cousa nin outra; o que sí podo é falar do que predicán na igrexa e despois cando terminan fan o contrario; iso sí que podo criticálo e o crítico.

Por outro lado dírelle que hai que pór unhas datas, e San Lorenzo en Belesar é un festivo queira a igrexa, queira o Concello, ou non queiran; igual que é en Sabarís, Santa Cristina; e en Baredo, A Cela; polo tanto vostede non confunda ós veciños nin fale de demagogia porque nós si decimos unha data en concreto é porque sabemos que as costumes, digamos en vez de historia municipalista, historia parroquial, as costumes da parroquia, dicen que esa data é festiva para todos os veciños e veciñas desa parroquia; polo tanto poñan vostedes datas, ¿empezamos por Belesar?, si o día de San Lorenzo é festa local en todo o Concello vostede tería antes que pór un tratamento intensivo con psicólogo para que o Sr.Vilar non sufrira un sock, porque seguramente que lle ía ser difícil de dixerir que cando sexa San Lorenzo que en Baiona estéan os comercios pechados, vostedes iso serían incapaces de facelo entender ós veciños de casco porque a "historia municipalista" de toda a vida é que sexa o día de Santa Liberata. Van a ter as mesmas persoas na procesión sexa festa local ou non, iso llo podo asegurar; aínda que eu non vaia lle podo asegurar que sempre van os mesmos. Repito que non temos ningún vínculo co clero, pero sí o temos coas Parroquias, por tanto creemos que esa debe ser a proposta e non a que presentan vostedes.

SR.ALCALDE.- Como non se presentou ningunha proposta do BNG non podemos votar ningunha proposta, de intencións non se pode votar.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); votos en contra, 2, BNG; producíndose 6 abstencións, 6, PSOE.

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

- APROBAR como FESTAS LOCAIS en Baiona para o ano 2009, as seguintes:

- Festa de Santa Liberata: 20 de xullo de 2009
- Luns da Anunciada: 3 de agosto de 2009

7.-APROBACION, SE PROCEDE, DAS ALEGACIONES O PLAN VIARIO INTEGRAL DA AREA DE VIGO-VIGO INTEGRAL, PROPOSTO POLA CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL, OBRAS PUBLICAS E TRANSPORTES.

O Sr. Alcalde comenta que non é obrigatorio o tratamento en Pleno deste asunto pero entende que é necesario para todos os veciños que poida ser discutido en Comisión Informativa e analizado en Pleno.

Cede a palabra á Sra.Simons, PP, quen da conta da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes remítese o Plan Sectorial Vigo Integra, Plan viario integral da área de Vigo que ten como obxectivos a definición dun modelo de rede viaria metropolitana, a conexión de rede de estradas metropolitanas con diversos centros de xeneración de viaxes e coa rede de alta capacidade co fin de nmellorar a accesibilidade de Vigo e a súa comarca.

Segundo informe do técnico municipal, o referido plan sectorial, no tocante ó municipio de Baiona afecta o seguinte.

a) Accións de melloras das comunicacións de Vigo e o Val Miñor.

A.9: Reordenación viaria e integración paisaxística PO-325- A Ramallosa.

A.10. Reordenación do tráfico no entorno da glorieta.

Estas dúas actuacións pese ó non incidir físicamente no territorio de Baiona, afectan en tanto en canto incrementan a afluencia de tráfico a Baiona sen resolver a capacidade actual do viario interno de Baiona.

b) D.14. Enlace completo AG-57 Sabarís-Baiona

c) D.33.- Reordenación viaria e integración paisaxística PO-552 Baiona-A Guardia. Proponse unha mellora da seguridade viaria e a inclusión dun carril bici ó longo desta estrada cun orzamento de 10.000.000,00€

É por isto polo que, a vista do informe técnico e o plan sectorial Vigo integra e dada as necesidades do noso municipio propoño ós membros do pleno, previo ditame da Comisión informativa aprobar o seguinte

Primeiro.- Formular as seguintes alegacións o documento do Plan Sectorial Vigo Integra, Plan viario integral da área de Vigo



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

- a) Que se formulen outras alternativas as actuacións A.9 e A.10 que conduzan a reordenar as vías de acceso a Baiona e non o incremento da súa capacidade de tráfico.
- b) Que se contemple un acceso dende a AG-57 a Baiona centro a través dunha saída na zona de Bahiña onde se ubicará o polígono industrial e permitirá un acceso polo Barrio da Anunciada ó centro de Baiona desconxestionando así os accesos a Baiona dende Sabarís.
- c) Que se contemple un acceso dende Media Aldea- Belesar na execución da actuación D.14.
- d) Que se detalle a actuación da construción do carril bici.

Segundo.- Remitir este acordo a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

SR.LORES, PSOE.- Non sei si o Alcalde confunde o tociño coa velocidade, non me consta, pero os intereses dos veciños e os intereses do PP sí me constan, porque realmente meter este tema nun Pleno non o entendo moi ben; os intereses veciñais penso que están máis por tratar o Plan Especial do Porto, o PEPCHAB; incluír estes asuntos en Pleno sí que pode ser de interés para os veciños, pero non traer isto que non sei realmente que lle pode interesar ós veciños de Baiona.

O que pasa é que o PP cando ve algunha oportunidade, con razón ou sen ela, dentro ou fora, de facer dende os gobernos municipais oposición á Xunta de Galicia pois aproveita todo e aínda que lle quede un pouco lonxe é igual; parece que lle vale todo para facer oposición.

Nós entendemos que o Plan Integra afecta a algúns Concello do Val Miñor dunha maneira importante, e que se están traballando e se están facendo alegacións para tratar de solucionar unha serie de problemas, como é no caso de Gondomar, e en Nigrán menos, pero tamén algo; ahí entendemos esa necesidade. Pero no caso de Baiona parece ser que o PP debe ter un baremo de cantos Concellos ou cantos Alcaldes fan oposición á Xunta, non sei si para subir postos ou para qué, entón aquí dín que a Baiona nos afecta este Plan Integra; eu non o acabo de entender, o leín 4 ou 5 veces, dí: "Que se formulen outras alternativas as actuacións A.9 e A.10 que conduzan a reordenar as vías de acceso a Baiona e non ao incremento da súa capacidade de tráfico", non acabo de entender iso, non sei cal é o problema, é dicir ¿que hai máis tráfico?, non sei moi ben, ¿qué para ir a Gondomar hai que vir a Baiona?, ¿que para ir a Praia América hai que vir a Baiona?, de verdade que non o entendo, sinceramente.

A segunda: "Que se contemple un acceso dende a AG-57 a Baiona centro", isto xa se leva falado dende fai tempo pero parece ser que hai algunhas dificultades técnicas, entón eu máis que facer esta alegación o que sí pediría (e incluso o apoiaríamos) é que o Concello, os técnicos, faga un estudio de por donde e como pode facerse iso; parece ser que hai unhas diferencias de cotas importantes e que a posibilidade de expropiación e outros temas non están claros; creo que debería ir acompañada esta alegación do informe dos técnicos municipais, un pequeno informe de por donde e cómo se pode facer iso.

O de Medialdea, $\frac{3}{4}$ do mesmo, que se fagan as cousas como deben de facerse, mandar os informes e solicitálo. O da concesión do carril bici, pois tampouco se entende moi ben, estamos simplemente criticando unha cousa sen ningunha consideración, non é así; "que se detalle a actuación da construción do carril bici", bueno, eu non o acabo de entender; creo que simplemente son intereses propios do PP a quen lle preocupa o das eleccións e parece ser que din "non vaia a ser que cheguemos tarde, vaxamos xa a meternos aquí", é empezar con historias puramente electorais sen ningún sentido. Gustaríame que isto se retirase, pero bueno, vamos a facer corto o Pleno, e nós non vamos a entrar nin a discutir nada, esta é unha cousa típica, propia, do PP, e que o PP o xestione, pero non a Corporación.

SR.ALCALDE.- Corto o Pleno non va a ser, Sr.Lores, vamos a contestar a todas as preguntas.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Por fin vai a contestar ás preguntas do Pleno, Sr.Alcalde. Me gustaría pedirle ó Sr.Alcalde que cando remitan un proxecto desta importancia a calquer Consellería que sexa, que no lo faga constar para así poder estudiálo e poder emitir un xuízo constructivo sobre o mesmo, de tal xeito que o outro día na Comisión Informativa nin sabíamos da súa existencia.

SR.ALCALDE.- Se fixo público a través da prensa e incluso o seu compañeiro Antonio Araujo, xa leva creada unha comisión, Vigo-Integra, en Gondomar, lévale xa varias cabezas a vostede.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Si, pero Antonio Araujo é Alcalde de Gondomar e eu estou no Concello de Baiona, entón non sei nin canto leva no Concello de Baiona nin da súa existencia aquí; sabía que existía algo. Digolle isto para non ter que desplazarnos a Santiago cada vez que queramos saber algo de isto.

En todo caso é bó que haxa proxectos e que despois de recibir as alegacións que se estudien e que se adaptan para que, en todo caso, sexa o máis beneficioso para todos os veciños e veciñas e ademáis que sirva para algo; eu estiven vindo o outro día (aínda que un pouco a correr) ese proxecto do que nos falan que se chama Plan Sectorial Vigo-Integra, e dende logo estiven analizando as propostas que fan vostedes aquí e a verdade é que a proposta 9 que fala de “Reordenación viaria e integración paisaxística PO-325- A Ramallosa” nos parece absurda, eu penso que estes proxectos que se realizan deberían ser encargados a xente que polo menos sabe das necesidades que se cocen nos Concellos dos que están falando; a mín a proposta que fan de facer direccións únicas dun tramo cortiño dos 2 viais, simplemente me parece absurda, non creo que traia beneficio máis que por sentido común; ao mellor, si me presentan un estudio detrás que o avale, pois ao mellor é certo que ten que ser así e habería que aceptálo, pero en todo caso non nos parece de sentido común o que pretendem.

Respecto o que dí: “Que se formulen outras alternativas as actuacións A.9 e A.10 que conduzan a reordenar as vías de acceso a Baiona e non o incremento da súa capacidade de tráfico”, eu non sei si va a provocar un incremento pero creo que en realidade o que non vai a provocar é solución ningunha, polo tanto para nós valería así como está, incluso se podería rectificar.

Outro punto: “Que se contemple un acceso dende a AG-57 a Baiona centro a través dunha saída na zona de Bahiña onde se ubicará o polígono industrial e permitirá un acceso polo Barrio da Anunciada ó centro de Baiona desconxestionando así os accesos a Baiona dende Sabarís”, nos parece unha proposta válida que ademáis foi feita incluso polos comuneros e creo que polo Centro Cultural de Bahiña e eu non sei si lle vai dar solución ó polígono de Bahiña, nós entendemos que ese polígono ahí está de máis, que non deba existir, que deba ir para outro lado, porque entre outras cousas non ten accesos; entón, xa non só polo polígono, senón por darlle unha saída máis ao tráfico das parroquias e do centro de Baiona sí sería interesante. Este punto nos parece correcto.

O que dudo xa que sexa aconsellable é: “Que se contemple un acceso dende Media Aldea- Belesar na execución da actuación D.14”, non creo que o núcleo de Belesar dispoña dunha densidade de tráfico tan elevada como para ter un enlace coa autoestrada, e digo isto porque agora mesmo estamos tendo assembleas durante varios fins de semana da Asociación de afectados en Sabarís, da cal eu son Presidente, e na que se están engadindo a modo consultivo veciños e veciñas de Belesar e de verdade que están ata a coronilla xa de tantas expropiacións; isto significaría máis expropiacións aínda. Si compensa, como neste caso, que o enlace Baredo-Sabarís, Sabarís-Baredo, dea solución a densidades de tráfico elevadas, pois as expropiacións evidentemente van en perxuízo duns poucos pero en beneficio de moitos, no caso de Belesar repito que non creemos que haxa unha densidade de tráfico tan alta como para que haxa que facer un enlace novo coa autoestrada; polo tanto para nós este punto está de máis.

O punto d) di: “Que se detalle a actuación da construción do carril bici”, efectivamente é necesario que se detalle e se vexa como vai a resolverse; en todo caso sí creo que é unha oportunidade que temos única para que tamén, aparte de todas as partes que xa enumerei, e veñen aquí escritas, se engada unha máis que é que neste plan se contemple a construción dun carril bici dende a Ramallosa ata



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Baredo, porque de Baredo ata A Guarda xa ven contemplado no proxecto, e creemos que a Consellería debería incluír un proxecto de carril bici, pero falamos dun carril bici de verdade, non do que hai agora, non do carril bici que no seu momento o Sr.Vilar meteu no paseo marítimo para xustificar a demanda e dicir que sí se facía un carril bici cando todos os que somos usuarios (e creo que somos todos dese paseo) vemos as incomodidades, os tropezos, e os atropellos que hai todos os días porque a xente que vai paseando non se da conta de que medio paseo é carril bici (dunha maneira ilóxica e absurda) e ademáis de un metro de ancho, ou metro e medio, que unha bicicleta por outra non pasa; creemos que é posible, fácil non, e custoso, contemplar un carril bici fora dese paseo; é posible porque ademáis na inmensa maioría do traxecto existe terreo, por exemplo dende a Ramallosa ata a entrada de Baiona practicamente, ata Ramón e Cajal, ou rúa Elduayen, desplazando o eixo da carretera actual ata a parte interior (por exemplo en Sabarís), desplazando 3 ou 4 metros o eixo hai terreo para facélo e na márxe máis próxima ó mar facer un carril; e digo máis próxima ó mar porque nós o que pretendemos evitar é que a persoa que veña dende Vigo, dende Panxón, ou dende Ramallosa, en bicicleta, e se dirixa á Guarda, que non teña que atravesar a comarcal para seguir polo carril. Sabemos que é unha obra ambiciosa, custosa, porque ten os seus custos desplazar o eixo, hai que mover os báculos de alumeadado público, hai que pavimentar a zona a máis, é dicir, é unha obra importante, pero si o carril de Baredo á Guarda lle adican 10 millóns de euros por un pouco máis de fariña non vamos a deixar as papas soltas.

Eu entendín cando leín a frase que onde terminaba Baiona ata A Garda, iso é o que entendín eu, que non incluía a Baiona; en todo caso eu creo que vale a pena que se especifique e se aclare porque como ben saben todos a rúa do litoral de Sabarís é que é desplazáala 3 ou 4 metros, o eixe, e en todo caso chegados á curva de Sabarís que enlaza a carretera que vai por diante do Cemiterio, que chega a un final onde fai unha curva de 90º se poidera enlazar como carril bici, non como vial, pero sí como carril bici coa traseira do Atlántico; seguramente que iso sí que Costas o consentiría, e ese sería un tramo moi fácil de resolver; e de ahí para diante sí hai tamén solución a costa dalgúns apartamentos, evidentemente, pero sí hai solución desplazando o eixo da carretera, incluso na saída do Rompeolas que tamén hai espazo para poder meter ese carril bici pola márxe do mar sen necesidade de sobrevoar por encima das pedras como se había falado fai un tempo.

Creemos que esta cuestión é importantísima e que se debe incluír neste Plan, de cara ó futuro, e que as actuacións se fixeran non sei si dun só golpe, ou pouco a pouco, pero sí que sería un atractivo importante para o Concello e que ademáis evitaría moitos problemas de tráfico que existen todos os días entre os ciclistas e o tráfico, e non vou a abogar nin por uns nin por outros porque hai de todo, se teñen visto situacións violentas entre ciclistas e tráfico porque uns creen que poden pisotear os dereitos dos outros. Este punto para nós é importantísimo que se inclúa; e respecto ó de Belesar non lle vemos sentido ningún e ademáis lle podo asegurar que os veciños e veciñas están xa un pouco cansos das expropiacións e en todo caso, si se fan, que sexan de utilidade pública importante e non para uso de dúas persoas. Non lle vemos sentido ningún a que este punto c) siga incluído. Nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- Discrepo un pouco do que dixera o portavoz do PSOE de que porqué se traía aquí este tema, creo que é o suficientemente importante como para que se debata nun Pleno e que todos poñamos sobre a mesa diferentes puntos de vista constructivos.

Sí coincido moito co que dixo o Sr.Fernández posto que en materia de comunicacións nós temos que contemplar varias perspectivas; Baiona é un Concello no que sempre tivemos que loitar polas comunicacións, eu sempre o tiven claro, incluso cando foi o tema da autopista porque os nosos veciños, non se olviden, e me refiro ós Concellos que nos rodean, si poideran deixar a Baiona aillada para que non lle pasaran as autoestradas polos seus Concellos, pois o farían, o que pasa é que Baiona sempre reclamou ter accesos dignos, e nós temos que loitar por iso. Afortunadamente hoxe temos unha autoestrada autonómica que nos resolve en gran parte e hoxe nadie entendería Baiona sen esa autoestrada, pero que dúbida cabe que cada vez hai máis retos e cada vez as comunicacións son máis esixente, e dentro do que é este Plan sectorial para nós hai un enlace que é fundamental, e parece que aquí se están pondo moi en contra, que é o enlace coa fronteira portuguesa; nós, dende o Val Miñor, non temos que ir ó alto de Puxeiros, por exemplo, para enlazar con Portugal por autopista cando temos



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

un acceso natural que non si dende que punto podería ser do Val Miñor, habería que estudar o do menos dano, para comunicarnos coa fronteira portuguesa, que xa non ten porque ser forzosamente Tui senón que temos a alternativa de Vilanova de Cerveira, e Goian, que hai a nova estrada litoral que comunica Vilanova directamente con Oporto, ademáis está libre de peaxe; que haxa un enlace dende Goian ata o Val Miñor é algo que nós debemos de reclamar, independentemente repito de que sexa a menor dano, e creo que sería beneficioso para toda a comarca do Val Miñor xa que nos uniría con Portugal, iso para nós é fundamental aínda que aquí non se fan alegacións creo que en conxunto global a idea nosa dende Baiona é que temos que defender ese tema.

Outra historia é que en Gondomar ó mellor pretendan facer o enlace pasando por Villaza cando ao mellor creemos que hai outras zonas pegadas ó monte que poderían danar menos superficie de terreo, cousa que para nós sería fundamental.

Hai algo que está en marcha, que son os enlaces de Baiona-Nigrán-Gondomar, isto xa non o dudo, aínda que lle querría preguntar á COPTOPT que pasa coa rotonda de Sabarís, da avenida urbana, o cruce co Camiño Real, porque ahí temos unha auténtica vergoña, porque parece ser que a COPTOPT ten iso sinalado cunha x e dí "isto non se fai porque en Baiona está gobernando o PP"; isto está así na COPTOPT, existen persoas dentro do PSOE que teñen a Baiona cunha "x" e non fan esa rotonda, cousa que para nós é fundamental.

Todos os temas dos que falamos aquí son bastante razoables, pero nós temos que suxetarnos ó noso Plan Xeral, temos unha rede viaria importante no Plan Xeral na que se contemplan accesos á zona industrial de Bahiña, zona de industrias limpas que ahí existen, se manexaron posibilidadeis que presentaron asociacións de veciños, o equipo redactor ten incluso os estudos feitos con todas as curvas de nivel, as posibilidadeis incluso de acceder a Baiona, cousa para nós fundamental.

No tema de Belesar coincido con Xose Enrique en que pode haber dificultades pero non estaría de máis estudar si existe algunha posibilidade de enlace, pedir hai que pedíla, outra cousa é que sexa posible facéla.

En canto ós carris bicis, que é outro dos temas que se tocaron aquí, ese é un asunto moi importante, e cando dixen que coincido con Xose Enrique e de feito aquí se pón: "Que se detalle a actuación da construción do carril bici", se pón de xeito xenérico, non se especifica; en Europa os carris bicis van ligados ás vías locais e ás vías comarcais, e normalmente están a ambos lados das estradas; o que son as cunetas levan carris bicis; de tal xeito que as veces para que unha bicicleta non choque con outra teñen que ir en dous sentidos, falamos xa de enlazar Baiona coa Guarda, lóxicamente terá que haber un carril bici a ámbolos dous lados; outra cousa é que polo lado de mar podan levar paseo marítimo ata Baredo ou ata Silleiro; creo que ese sería o proxecto ambicioso polo que realmente teríamos que loitar.

Coincido plenamente en que non pode existir unha compatibilidade entre un carril bici, como hai agora, cun paseo peatonal, e que iso nos leva a situacións de conflito, é certo; pero ao mellor iso podería arreglarse si se plantexa un carril bici que unira Baiona con Panxón e con Gondomar, esto é algo que a xente reclama; entendemos que con esta proposta estamos abertos a esta opción; e ó mellor non podemos falar de carril bici de Ramallosa a Nigrán (pola olografía do terreo) porque a xente non podería subir ó alto de Mallón, nin a San Pedro, en cambio pola realidade xeográfica sí que poderían acceder de Ramallosa a Panxón, de Panxón a Baiona, e de Baiona a Gondomar.

Creemos que hai que facer un esforzo importante neste tema para leválo adiante. O que se dí aquí, nas 4 alegacións, é sensato; son alegacións que se poden asumir perfectamente e logo, cando se leve a cabo, os Concellos lóxicamente teremos moito que dicir; estamos obrigados a que o noso Plan Xeral, que é un Plan realista, coñecedor da realidade, se adapte a esta proposta da Xunta, e dende a Xunta tamén teñen que coñecer a nosa realidade e ofrecernos alternativas.

Esta proposta hai que facéla, esperemos que a Consellería de Política Territorial leve adiante este proxecto porque supoñe inversión, e que non se "acojone" ante as medidas de forza que poidan facer grupos de veciños (que o fan con toda a mellor intención), eu espero que isto non sexa un tema electoral, que ó final poñan cartos sobre a mesa e leven adiante estes proxectos, igual que o goberno



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

cando estaban D.Manuel Fraga e D.Xosé Cuiña, que en paz descanse, na Xunta de Galicia, levou adiante o Plan viario de Galicia, porque o que era antes o viario de Galicia e o que hai agora non se coñece, agora se pode ún prácticamente por autoestradas por toda Galicia, pero claro, para que isto vaia adiante hai que presentar un plan realista, que se faga e que se poñan os cartos sobre a Mesa.

Penso que este tema é moi importante, que o Concello fai ben en posicionarse, en traer isto a un Pleno, e nós dende Baiona temos que esixir á Xunta de Galicia que nos presente os proxectos e que os consensue coas Corporacións Municipais. Moitas grazas.

SRA.SIMONS, PP.- Gustaríame aclarar algunhas cuestións sobre este documento. Sacando datos, cando explica o enlace da autopista AG-57 dende Sabarís, no propio documento pón: kilómetros a executar, 0; penso que xa están feitas as expropiacións e que en principio está próxima a execución; en cambio cando fala do proxecto de integración paisaxística dirección á Guarda fala de 29 kilómetros, pero nunca aclara si empezan en Baiona, en Baredo, si é soamente do término municipal de Oia, ou si empezan en Sabarís, non aclara nada pero este sí ten orzamento sen expropiacións pero xa sabe cantos kilómetros vai a destiñar e cun presuposto.

Tamén gustaríame dicir que cando no documento se fala dos enlaces da autopista se dí que sobre todo os enlaces que se están a realizar tanto en Nigrán, como en Gondomar, como en Baiona, son como circunvalación para Baiona, entón nos gustaría que quedara clara que fora como circunvalación e non que despois sexa pagando con peaxe, porque podo leéla literalmente: "Enlace completo AG-57 en Nigrán. El enlace actual de Nigrán, en la AG-57, no permite que la gente de Nigrán pueda ir a Baiona, y viceversa, solo pueden ir dirección Vigo; se trata de remodelar este enlace para permitir este movimiento y usar la AG-57 como circunvalación de Baiona". Y en el resto ocurre lo mismo; en el de Gondomar se decía que iba a ser incluyendo peaje.

Con respecto al enlace de Bahiña, a principios de marzo la Consellería de Política Territorial mandó al Ayuntamiento unos planos incluyendo exactamente un lugar donde iba a ubicar esa salida en Bahiña, y después, no se sabe porque extraña circunstancia, porque este documento decían que se mandara al equipo redactor del Plan General para que ya incluyese este enlace; entonces por extrañas circunstancias no sale ni en el Plan Integra y evidentemente no saldrá en el Plan General; hay otros enlaces, hablan de pendientes y muy pronunciadas, pero desde luego todo el suelo al que podría afectar es un suelo rústico que se puede variar, ir por un sitio o por otro, cosa que no ocurre en Villaza, que les dá igual tirar 20 casas y que pase por donde sea, con pendiente y sin pendiente.

Otro tema que me parece importante aunque no es exactamente discusión con respecto al Plan Integra, es que saca alguna información sobre como están todos los planeamientos de los Ayuntamientos que forman parte deste Plan Integra; resumiendo, de los 24 que forman parte dice que 15 de esos Ayuntamientos todavía continúan a día de hoy con normas subsidiarias, o sea, no tienen un planeamiento específico; 5 sí tendrían PGOU, y 4 tienen un planeamiento relativamente reciente; eso, de los planeamientos vigentes; y de los en trámite, salvo esos 4 que tienen un planeamiento bastante reciente, de 2001, 2003, el resto están todos en trámite, porque aunque estén con la aprobación definitiva, como puede ser el caso de Vigo, evidentemente no es definitiva porque dejaron suspendida algunas áreas que todavía tienen que aclarar.

Si me gustaría sobre todo animarlos a agilizar todo este tipo de documentos porque a estas alturas prácticamente no hay ningún Ayuntamiento, porque ni incluso eso se ha aprobado recientemente, están adaptados a la Ley del Suelo, LOUGA del 2002, ni la modificada del 2004. Esta es mi petición, muchas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Comentar un par de cousas. Primeiro, cando se dí que a Xunta, ou Política Territorial, ten unha cruz en Baiona, primeiro, non é certo; e segundo, non se debe xogar con iso; eu penso que as inversións que está a facer a Xunta de Galicia, varias Consellerías, no Concello de Baiona, son importantes,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

polo tanto deberíamos estar máis finos e ser máis respetuosos con estas inversións que o Goberno de Galicia está facendo en Baiona; por iso digo que cando se fan estas alegacións deberíamos ser máis sensibles a este tipo de intervencións e facélas con menos interés partidista e con máis interés de colaboración e de coordinación, de unir intereses para beneficio e para aumentar a calidade de vida de todos os baioneses; e está claro que esta moción que inclúe neste Pleno o goberno municipal, o PP, seu obxectivo é simplemente ir en contra e facer oposición dende as Alcaldías ó Goberno da Xunta.

Si fora tan importante como se fai noutros casos, e o Sr.Vilar o sabe tamén, podería haberse reunido a xunta de portavoces para falar claramente deste tema e todos os grupos con información poderíamos dicir algo; aparte de iso, esta sería unha Moción máis propia para levar á Mancomunidade do Val Miñor que ó Pleno do Concello de Baiona, porque ó Concello de Baiona realmente afectalle pouco.

Non nos gustan este tipo de intervencións que confunden o papel institucional co papel do PP, polo tanto preocupáanos fundamentalmente este tipo de estratexias e confusións. Moitas graas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nos decía a concelleira que no proxecto aparecían 29 kilómetros, dende o centro de Baiona ó centro da Guarda hai 30 km., exactamente, polo tanto non inclúe dende o centro de Baiona ata Ramallosa, non está incluído. Nós seguimos decindo o que comentamos anteriormente de que para nós o punto c) está de máis, non creemos que sexa nin necesario nin preciso solicitar que se meta ahí outro nudo máis; outro enlace máis; para nós iso significan expropiacións e ademais non vai a resolver nada; e hai unha cuestión tamén importante, no plan xeral novo, no que se está agora mesmo á espera da contestación da Xunta, se recollía un novo vial importante de comunicación que creo que vai a dar co límite do Concello de Gondomar; ese vial, senón se dota dun acceso importante, vai a servir para comunicación interna pero evidentemente debера servir tamén para comunicación con outros Concellos, non ven aquí recollido tampouco, non sei si ten que vir ou non pero en todo caso como hai que darlle traslado do noso Plan ao Concello de Gondomar habería que falar con eles para que no día de mañán que se faga un plan novo nese Concello sí contempren a posibilidade de conexión con ese novo vial que se vai a xerar en Baiona.

Esperemos que se acepte a nosa proposta e que o último punto, d) que dí: "Que se detalle a actuación da construción do carril bici", nós decíamos que se puxera: Que se contempren a construción dun carril bici dende a Ramallosa, si queren, ata A Garda, para que sexa máis claro e específico; ou "ata Silleiro", parécenos correcto, todo o término municipal do Concello de Baiona.

Pero repito, o tema de Belesar para nós non ten importancia; ao mellor para ó técnico municipal que foi quen redactou estas suxerencias que vostedes toman como alegacións sí era importante, pero eu creo que non ten peso específico, porque así como a de Bahiña sí ten peso porque ten conexión ó centro de Baiona e sí pode dar solucións, realmente o tema de Belesar non o vemos de moito sentido, ademais hai unha cuestión importante: todos coñecemos onde se fai o nudo de Belesar coa autoestrada, ten unhas condicións olográficas moi, moi complicadas, de feito a saída a Baredo e Sabaris está ós límites nesta obra que se ia facer, está nos límites porque senón xa tiran aquela casa abaixo, e cuestión de poucos metros. Esperemos que se admita nosa proposta, nada máis.

SR.ALCALDE.- Penso que é bó tratar de chegar a un consenso neste documento, non sei si o PSOE quer dicir algo, pero eu creo que se pode incluír o tema do carril bici dende Baiona ata Silleiro, para enriquecer a proposta; e sobre o tema que dixo o técnico en canto a Medialdea, él dí que a problemática agora mesmo é de comunicación na parte alta posto que o único que hai agora é a carretera provincial, entón pode ser en vez de "que se contempren o acceso" que "se estudie un posible acceso", para que se fagan os estudos; ese estudio dirá si realmente se pode facer ou si habería moitas dificultades; pero polo menos que se contempren como unha posible alternativa posto que agora mesmo soamente depende da carretera de Deputación, que é a carretera que sube polo mercado, que ten unhas limitacións de ancho importantes. ¿Estamos de acordo nestas modificacións?.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non sei se isto dá lugar a confusións, dí no punto a) “*Que se formulen outras alternativas as actuacións A.9 e A.10 que conduzan a reordenar as vías de acceso a Baiona, pero agora di “e non o incremento da súa capacidade de tráfico”, ou sexa, nós o que queremos é todo o contrario: que se poida incrementar a capacidade do tráfico; e eu xa sei o que quer decir Faustino, o que pasa é que así non se entende; ao mellor vostedes o entenden pero eu a primeira vez que o leín parecíame que pedían que non se incrementara o tráfico ata Baiona, ou sexa, que se impedira o incremento do tráfico. Hai que buscar outra maneira de expresálo porque crea confusión.*

SR.ALCALDE.- No punto c) quedaría: “Que se estudie a posibilidade dun acceso”; e o punto d): “Que se contemple a construción dun carril bici dende Ramallosa ata Silleiro”.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación das modificacións, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2, BNG); producíndose 6 abstencións, 6, PSOE.

O Sr.Alcalde procede agora á votación do presente punto incluíndo as devanditas modificacións, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2, BNG); producíndose 6 abstencións, 6, PSOE.

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda APROBAR:

Primeiro.- Formular as seguintes alegacións o documento do Plan Sectorial Vigo Integra, Plan viario integral da área de Vigo

- A) Que se formulen outras alternativas as actuacións A.9 e A.10 que conduzan a reordenar as vías de acceso a Baiona.
- B) Que se contemple un acceso dende a AG-57 a Baiona centro a través dunha saída na zona de Bahiña onde se ubicará o polígono industrial e permitirá un acceso polo Barrio da Anunciada ó centro de Baiona desconxestionando así os accesos a Baiona dende Sabarís.
- C) Que **SE ESTUDIE A POSIBILIDADE DUN ACCESO** dende Media Aldea- Belesar na execución da actuación D.14.
- D) **QUE SE CONTEMPLE A CONSTRUCCIÓN DUN CARRIL BICI DENDE RAMALLOSA ATA SILLEIRO**”.

Segundo.- Remitir este acordo a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

SR.ALCALDE.- Quixera dar unha explicación ó Sr.Lores sobre o da “x” que decía o Sr.Vilar en canto a Política Territorial, mire, temos convenios firmados pola anterior Xunta, pola anterior COPTOPV, sen cumprirse: humanización do centro de Baiona, saída da autopista; todo isto firmado e sen concretar; e ún déles eran 710.000 euros, e outro sen cuantificar. Temos sen rematar a posibilidade de convenio da saída da glorieta do Camping, cando hai un compromiso da Delegada da Consellería diante dos veciños, para firmar un convenio co Concello de Baiona; reclamado por escrito, aínda a día de hoxe non se contestou. Elduayen, pese a todo o que se díxo, a día de hoxe a COPTOPT nin siquiera deu autorización para a obra, de firmar convenio nada; e a Delegada da Consellería, residente en Baiona, non colle o teléfono nin contesta ós escritos do Alcalde de Baiona dende fai moitos meses; polo tanto, teño que decilo, para que todo o mundo o sepa, non vai a ser que se pense que hai deixadez. E teño que decir, sen embargo, que outras Administracións da Xunta están cumprindo con Baiona, e deixar claro que o



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Conselleiro de Medio Ambiente é unha persoa que deu resposta a todas as solicitudes que con sentido común hemos aplicado e sempre ha cumprido; igual que o Ministerio de Medio Ambiente, exactamente igual, cumpríu coas solicitudes que se fixeron pondo os técnicos a disposición. Polo tanto é claro que hai un seguimento da Consellería de Política Territorial contra ó Concello de Baiona, e teño que decílo aquí para que todo o mundo o sepa.

8.-MOCION URXENTE DO GRUPO DE GOBERNO.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, PP, quen da conta da urxencia da Moción:

SR.RODAL, PP.- Ante los graves actos vandálicos y de inseguridad, tanto ciudadana como para los operarios municipales, sobre todo los de limpieza, que sufrimos en Baiona cada fin de semana en la época estival y en particular este último fin de semana, incrementados desde que empezó el servicio de NOITEBUS, lo que pedimos en esta moción de Urgencia son medidas tanto a la Subdelegación del Gobierno como a la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación da Urxencia da moción, resultando: votos a favor: 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 6, PSOE, abstencións, 2, BNG; polo cal resultada aprobada a Urxencia.

SR.RODAL, PP.- Presenta a seguinte:

MOCION DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO

En fecha 15 de julio de 2008 se emite informe de la Policía Local cuya copia se adjunta en el que se pone de manifiesto las situaciones de alteración del orden público que se han producido en nuestro municipio el pasado fin de semana como consecuencia de la movida nocturna. Dichas alteraciones, según el citado informe, sobrepasan las posibilidades operativas de los agentes de la Policía Local y del Cuerpo de la Guardia Civil a pesar del apoyo reciproco de ambos cuerpos en materia de seguridad ciudadana de acuerdo con el protocolo de Colaboración firmado entre ambos cuerpos. Según informa el Oficial de la Policía Local la afluencia masiva de jóvenes al “botellón” acompañado, en casos, del consumo de otras drogas acarrea desordenes graves en las vías y espacios públicos así como daños graves en los bienes de dominio público. Este último hecho se atribuye principalmente a los usuarios del servicio “NOITEBUS” que al no poder acceder al mismo por completarse las plazas o en el momento de espera a ser transportados.

El Ayuntamiento de Baiona a mayores del los miembros de la Policía Local en plantilla y previa autorización de la Dirección xeral de interior de la Consellería Presidencia, Administraciones Públicas e Xustiza, de acuerdo con la Ley de coordinación de la Policía Local ha contratado a seis auxiliares de Policía Local durante seis meses y tres auxiliares más durante los tres meses de verano con el fin de afrontar la problemática propia de un municipio turístico en temporada estival. No obstante dada la afluencia masiva de visitantes y sus actividades y pese a la aplicación del protocolo de colaboración no se puede dar respuesta operativa a los servicios policiales.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Resultando que dichos hechos se reproducen de años anteriores en los que incluso conductores de la empresa responsable de la prestación del servicio “Automóviles de Tuy” han solicitado auxilio a la Policía Local para garantizar la prestación del mismo

Es por ello que de acuerdo con lo señalado en el artículo 104.1 de la Constitución española “Las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad, bajo la dependencia del Gobierno, tendrá como misión proteger el libre ejercicio de los derechos y libertades y garantizar la seguridad ciudadana.” y dado que la Ley de Seguridad Ciudadana atribuye al Ministerio del Interior las competencias en materia de prevención, mantenimiento y restablecimiento de la Seguridad Ciudadana.

A la vista de las estas actuaciones en fecha 18/07/2008 esta Alcaldía solicito a la Subdelegación del Gobierno lo siguiente”Que por parte del Ministerio del Interior se incremente el número de efectivos de los fuerzas y cuerpos de Seguridad de su competencia con el fin de garantizar la seguridad ciudadana en el municipio de Baiona, y en aras de la operatividad del protocolo de Colaboración firmado entre la Guardia Civil y la Policía Local de Baiona.”

Igualmente en fecha 18/07/2008 esta Alcaldía solicitó a la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes la supresión inmediata de la prestación del servicio NOITEBUS Vigo-Baiona.

Resultando que estos vandálicos se continúan produciendo de forma sistemática los fines de semana con el consiguiente riesgo a la integridad de los propios jóvenes, vecinos, y trabajadores del Ayuntamiento de Baiona adscritos al servicio de limpieza viaria y Policía Local,

Es por ello por lo que propongo al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

Primero.- Reiterar la solicitud formulada por el Ayuntamiento de Baiona en fecha 18/07/2008

Que por parte del Ministerio del Interior se incremente el número de efectivos de los fuerzas y cuerpos de Seguridad de su competencia con el fin de garantizar la seguridad ciudadana en el municipio de Baiona, y en aras de la operatividad del protocolo de Colaboración firmado entre la Guardia Civil y la Policía Local de Baiona

Que la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes proceda a la supresión inmediata de la prestación del servicio NOITEBUS Vigo-Baiona.

Segundo.- Remitir el presente acuerdo a la Subdelegación del Gobierno y Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

SR.RODAL.- Creemos que está perfectamente aclarada la Urgencia de esta Moción, como sabemos en la época estival se triplica la población, siempre ha habido actos vandálicos pero desde que tenemos el servicio de NOITEBUS se han incrementado tremendamente, de hecho en la época de junio venían unos 600 chicos en autobús y ahora alardean de que ya son 800; Baiona no puede tolerar esto, tiene unos medios policiales y de seguridad, pero ahora mismo no puede afrontar todo este despliegue que nos viene a más, por esos reiteramos nuestra petición. Hay una contestación de Política Territorial de que no va a retirar el NOITEBUS y reiteramos nuestra petición de que sí se retire porque no creemos que beneficie en nada a Baiona, ni a los ciudadanos, ni a los turistas que están aquí, y mucho menos a las personas que se dice que dan un buen uso de ese servicio; así como también pedimos que en el caso de que sigamos con este servicio pues que la Subdelegación del Gobierno nos asista y nos mande más efectivos para de alguna manera controlar este problema.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- Isto é realmente impresionante; o que é urxente é que o goberno tome medidas, que comence a gobernar, iso sí que é urxente. Aquí hai unha Xunta Local de Seguridade onde se reúnen e eu non sei que pasa nesas reunións, non sei si o Alcalde é conscente do que vai a ocorrer ni do que pasa ¿cantos policías vamos a ter pola noite?, Sr.Alcalde ¿cantos temos, 2, 1?, ¿cantos son auxiliares?, iso é o que hai que ver. Isto non é unha novidade, decir agora que o problema de orde público é o problema do NOITEBUS non é así, o único que fai o NOITEBUS é salvar vidas, é o único que fai; e iso é moi serio, Sr.Alcalde, e vostede o sabe. A súa responsabilidade é garantir o orden neste Concello, e para iso ten os medios e para iso hai unha Xunta Local de Seguridade; o que non vale é o outro, ou sexa, Baiona pola noite é un vandalismo absoluto e vostede bótalle a culpa a Política Territorial, pois que veña a Conselleira, vostede váiase, o no NOITEBUS ou no seu coche, dá igual, mellor por si bebe que vaia no autobús para salvar a vida; ou sexa, isto é unha irresponsabilidade absoluta, unha falta de criterio, unha falta de rigor, Sr.Alcalde, por favor, este non é tema para frivolar, nin a seguridade, nin as vidas. O desorden en Baiona é un feito, pero non hai ningunha soa medida do goberno municipal para solucionar este problema, nin unha soa, non sei que fan na Xunta Local de Seguridade, utilice os seus recursos, non boten balóns fora, este é o seu problema e súa responsabilidade Sr.Alcalde, e non se pode xogar con isto, non poden facer unha oposición máis á Xunta, non xoguen, gobernen Baiona que para iso están, e para iso teñen os votos dos cidadáns e para iso teñen a súa confianza, para gobernála, non para decir que non é competente en nada; sexa respetuoso cos cidadáns, goberne, tome medidas, nada máis.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu non lle vou a preguntar o que fan nas Xuntas de Seguridade porque xa sei o que pasa, formei parte delas, sei o que pasa por experiencia propia, entón non lle vou a pedir que de onde non hai que se lle saque, non se pode, onde non hai non se pode sacar. Evidentemente a Concellalía de Seguridade é moi complexa, que empeza a dar problemas a partir de que as outras concellalías descansan, empezan os teléfonos a sonar a partir da 1 da mañán, ás 6 da mañán, ás 9, e é unha concellalía moi inxusta e moi ingrata porque non dá votos, os resta; cando se ten que sancionar evidentemente iso non crea simpatías. Eu estiven 11 meses de Concelleiro de Seguridade Cidadana, cada vez que se nos remataba o tempo de estancia do radar en Baiona se facía 3 días antes outra solicitude para que ós 15 días no lo volveran a pasar outra vez, conseguimos con iso rebaixar en cinco os accidentes que había; se facían todas as semanas, varios días, controles de alcoholemia onde se pode ver o que é unha noite de Baiona, e os facía sempre, estamos falando, de persoal propio da Policía Local. Eu víñ a Policías Locais de Baiona xogarse a pel en medio de 50 persoas gritando, insultando e mandándolle botellazos á cabeza, o víñ eu na Arribada e sen ser a Arribada, e todas as actuacións que eu tomaba, a oposición naquel momento eran vostedes, eran moi criticadas, e tamén eran moi criticadas polos sancionados, evidentemente; por iso digo que era unha concellalía moi ingrata e moi complexa; pero é unha Concellalía que pode ser criticada incluso por toda a poboación porque cando o desorden é tal aquí non hai quen viva; eu vin no casco histórico de Baiona romper botellas contras as cristaleiras das ventanas e cando o veciño saía a protestar subíanlle polo balcón e querer pegarlle, aínda por encima, acababan en pelexas pero dentro do primer piso das vivendas, non no baixo. Isto hai que remediálo con accións contundentes, non crea outra alternativa. Eu firmei en moitas ocasións moitos peches de pubs neste Concello, temporais, evidentemente, e iso supuña estar na prensa e estar machacado todos os días, e o fixen; fai uns días viú aquí a Baiona a unha actuación na plaza do Concello e había unha cola diante dun negocio de Baiona, que todos sabemos cal é, de máis de 100 metros, pero non era cola de unha persoa, estaban de 4 en 4; e os comerciantes se queixaban de que era un escándalo, falamos das 12 da noite: evidentemente que é un escándalo; pero iso é competencia do goberno local, ¿qué pasa?, que si o goberno local asina un decreto prohibindo a venda de produtos a partir das 8 ou 9 da tarde, cando pechan todos os supermercados, teñe que pechar todos os comercios, os comerciantes que venden roupa tamén; todos; iso é unha competencia municipal; pero deixemos eso aparte porque si pechamos ese local van a comprálo a outro, a outro lado; ou sexa, ese non é problema, así non se acaba co problema do vandalismo en Baiona. Co problema se acaba regulando o botellón, nin máis nin menos, e para regular o botellón hai que traer a este Pleno non unha moción de urxencia senón unha Ordenanza, esa é a cuestión: o NOITEBUS, evidentemente pudo haber influido en que viñera máis xente, pudo facélo, pero o que sí vai a influir é que a taxa de mortalidade e de siniestro de Vigo a Baiona e de Baiona a Vigo sexa moitísimo menor,



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ese creo que foi o fin con que a Consellería planificou este proxecto e creo que acertou dabondo; é decir, por resolver o problema do NOITEBUS non vamos a facer que deixen de vir a Baiona, o farán en coche, e se van a matar, van a ter accidentes de todo tipo; tampouco a solución é traer Garda Civil e póla na rúa; vostede si quer un día disolver o macrobotellón encárguello ó Subdelegado do Goberno, diga “señores, desalojen esto”, como fixeron cando foi a Palma, a paos, exáctamente igual, entón ten que chamar á Garda Civil; agora ben, vostede, como eu, sabe que nun macrobotellón das características que hai agora en Baiona, é que ante unha persoa vestida cun uniforme verde, hai unha acción e unha reacción por parte da xuventude, e vai crear vostede unha verdadeira batalla campal, senón agora llo digo; cando nós estivemos evitando os disturbios que había no casco vello precisamente se resolvían a maioría dos problemas con xente que non ía uniformada, son os que máis efectividade teñen, os que non van uniformados informan ós que sí van e actúan, vostede sabe que iso funciona perfectamente, o sabe pola Arribada, porque sabe o que lle estou decindo; polo tantopara mín non é a solución traer máis Gardas Cívís, non, porque ademáis actúan como eles teñen previsto, é decir, o cargan, o multan, e iso provoca unha acción-reacción que isto se pode convertir nun verdadeiro desastre, entón non van a ser 2 ou 3 cristais rotos, serán moitos máis; eu non quero pensar na reacción que poden ter os rapaces que están arredor do Parador no macrobotellón, 15.000 ou 20.000, moitísima xente, unha reacción bebedos como están moitos deles, nunha situación límite, cando lle poñen diante 200 ou 300 Gardas Cívís, non quero pensar na reacción.

Vamos a ir por partes, traian vostedes unha Ordenanza que regule o botellón e a partir de ahí falamos, nos sentamos, e resolvemos; é a única solución; si quer entrar pola brava chame vostede ó Subdelegado e digan “señores, desaloxen isto que están provocando disturbios” e virán e empezarán a paos cos rapaces e a saber o que pasa, en principio desaloxan, pero eu non creo que esa sexa a solución. A solución é que o botellón estéa regulado, para saber con que ferramentas podemos traballar.

E o tema dos Decretos para regular os horarios, igan traindo mocións dos comerciantes, o que lle pedían da apertura ata as 2 da mañán, sigan, porque esa comerciante ten os mesmos dereitos que todos os demais, iguais; vostede sabe que non pode facer un Decreto “Fulanita de tal, pechado”, non, porque iso é prevaricación; tería que decir que todos os comercios a partir de unha hora pechados, iso sí; eu creo que o toro ten que collélo polos cornos, e isa é, ó noso entender, a solución, ao mellor estamos errados pero creo que sería unha solución e penso que moitos Concellos xa tomaron esa iniciativa, colla vostede o exemplo de calquera deles que lle fora ben con esta medida e xa parte con ventaxa. Penso que isa é a solución, non pedindo a retirada do NOITEBUS, e o que si lle aconsello que faga é que siga metendo controis de alcoholemia que iso sí que son efectivos, cando unha persoa vai bebeda e lle dín que o día seguinte ten un xuízo rápido se lle sacan as gañas de beber e lle pasa a borracheira de repente, iso o pode asegurar.

SR.ALCALDE.- Aclararlle que a única vez que entrou a Policía, a saco, como dí vostede, foi cando gobernades vos. Non solicitamos ó Subdelegado que mande forzas para entrar no casco, o que solicitamos é que se faga unha actitude preventiva; non podemos entrar na Palma, non podemos porque xa hai experiencias e o Cristo que se monta é moito peor, non pedimos iso, non, pedimos vixilancia ó longo do noso Concello para evitar que os grupos, que son minoritarios, os vándalos son grupos reducidos, cando saen dese grupo e van rompendo as papeleiras, iso: incremento da forza para evitar ese tipo de actuacións, que son as que de verdade molestan á poboación. Na Palma, xeralmente, salvo algún tema de limpeza, de rotura de algo, non causa problema á poboación; a partir de ahí, sí; e iso é o que pedimos nós, vixilancia para ataxar isto.

SR.VILAR, CMÑ.- Se dixeron moitas cousas pero hai que mirar este tema con realismo. En canto ó que ataíne á nosa Concellalía, afecta sobre todo ó servizo da limpeza; acontecementos que ocorriron nas últimas semanas, que non ocorriron nunca; penso que quizás o botellón esté ubicado na zona menos mala de Baiona, no entorno das murallas do parador, porque si se fixera no casco de Baiona o problema sería moito maior, e somos conscentes de que é unha moda existente entre a xuventude que non é nada comparable cos peches que facíamos anos atrás, eu como Alcalde na miña época pechei moitos para pór un pouco de orde, pero actualmente a xente nova, coa crise económica, ten certa tendencia ó botellón, e sobre todo e o que é máis grave é que o fan menores de idade, isto complica o tema xa que os menores son moitas das



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

veces máis incontrolables. Nós creemos que coa supresión do NOITEBUS non se resolve o problema, pero sí que se aminora, a Baiona lle está causando moitísimas consecuencias porque non hai unha persoa esixindo o carnet de identidade nin que demostren cantos anos teñen, a maioría son menores que chegan a Baiona con un único obxectivo: emborracharse; iso é o primeiro, e unha vez que están borrachos surxe o vandalismo, e é certo que este vandalismo o fan grupos minoritarios, en gran parte procedentes do NOITEBUS, que se quedan a primeiras horas destrozando todo o habido e por haber; ultimamente os enfrontamentos cos operarios de limpeza foron tales que a seguridade de moitos deles puxose en perigo. Hai anécdotas como que subiron á barredora, se enfrontaban co conductor, éste tivo que enfrontarse a eles porque quería facer o seu traballo; se subiron a media luna do condestable a tirarlle botellazos á xente que facía traballos de limpeza do que eles mancharon, e claro, empezamos a traballar dende ás 6 da mañán ata ás 10, os problemas son gravísimos; e nós creemos que a supresión do NOITEBUS non vai a ser a solución definitiva, pero sí que vai a aminoralo; o que é inexplicable é que a propia Administración, amparado nas mortes en carretera, potencie o NOITEBUS, eu non estou de acordo con ese dato porque normalmente cando unha persoa se desplaza a Baiona, o que ven conducindo, polas normas de tráfico existentes, polo penado que está actualmente, ún deles polo menos sabemos que non vai a beber porque sabe o que lle pode pasar, sabe que hai un control policial; o que sí é seguro é que os que veñen no NOITEBUS veñen e emborracharse e facer vandalismo; dende a Administración non podemos permitílo.

Estou seguro que si ó Alcalde de Vigo, no inverno, se lle potenciara o NOITEBUS dende os Concellos para ir a Vigo a emborracharse e empezaran a verse os mesmos destrozos en Vigo dos que actualmente hai en Baiona, a COPTOPT lle suprimiría ese servizo. Estou completamente seguro.

Se está confundindo aquí a política partidista coa política de seguridade, e iso é gravísimo. O NOITEBUS beneficios non trae ningún, se vexa por onde se vexa; e a supresión non vai a solucionar o problema, pero repito, vai aminoralo.

En canto ó establecemento que nomeou vostede, sabemos que hai un procedemento para pechar un comercio, estamos nun Estado de Dereito, hai que ir pola venda de alcohol a menores, hai que demostrálo, hai un proceso, proceso que se está levando a cabo, e ó famoso establecemento da Quisca, sabemos todos cal é, se lle están abrindo os correspondentes expedientes, agora ben, ela se esta movendo ó amparo da legalidade que lle dá o Estado de Dereito.

Creo que esta Moción está moi fundamentada, sobre todos nos últimos fins de semana se agravou o tema da violencia a primeiras horas da mañán, os operarios do servizo de limpeza están nunha situación de non poder realizar o seu traballo; somos conscentes de que o botellón está ubicado no sitio menos malo, e posiblemente á xuventude hai que darlle un escape, e nos gustaría que se comportaran, pero que dúbida cabe que en torno a esas 1.000 persoas que se poden xuntar unha parte deles que veñen no NOITEBUS veñen coa idea de destruír todo o que atopan por diante, polo tanto creemos que esta moción vai axudar a resolver este problema e nos parece realmente que hai moi mala fé para traer esto a Baiona para desprestixiar ó goberno municipal. Estou seguro que si o Alcalde de Baiona fora socialista e se queixara ante a Consellería, a señora delegada non mandaríala o NOITEBUS, suprimírallo, pero da a impresión que se quer castigar a Baiona. E o fenómeno do NOITEBUS non afecta soamente á Corporación, mire vostede a Asociación de veciños do Casco, que non creo que sexa dudosa de estar ligada ó goberno municipal; tamén rexeitan o NOITEBUS.

Baiona non pode soportar o NOITEBUS todos os fins de semana, e debería suprimirse a partir de agora, moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Creemos que o botellón é un fenómeno social que para mín ten un problema serio en Baiona, que é a afectación que terá esa xuventude dentro duns anos; desgraciadamente falamos de accidentes de carretera, que é certo, pero realmente non estamos vindo o problema real. A convivencia entre xóves é algo que todos vivimos, pero o problema é o incremento de xente que fai botellón, os menores de idade e a mezcla con outras sustancias, como son as pastillas. Non ten maior perxuizo salvo o problema directo para as persoas que consumen alcohol en alta graduación en cantidades importantes, que verán os seus efectos dentro de poucos anos; iso para mín é unha desgracia.

Tamén hai un problema de seguridade, e o NOITEBUS non é o único causante, pero eu diría que o botellón de Vigo que é problemático, con miles de persoas na Plaza da Estrela, hai incidentes tremendos, falamos de



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

3000 persoas; calculamos que en Baiona poden xuntarse 2000 xóves, na zona da Palma; o problema é que non están soamente na Palma senón tamén na Ladeira, e se pón nunha cifra por encima dos 3000 de Vigo en inverno. Vigo ten unha dotación de policía moi por enriba do que ten Baiona, lóxicamente, e o problema aquí é cando aparte dos residentes chega xente en autobús, e no NOITEBUS chegan con bolsas, con alcohol, dun coñecido Centro Comercial de Vigo, e chegan aquí xa con esas botellas preparadas para consumir, a partir de ahí comencian os actos vandálicos; e o problema é que nós temos a responsabilidade de evitar desgracias persoais, e temos a obriga de avisar ó Subdelegado, e dicir á Administración que temos un problema serio, e como dixemos na Xunta de Seguridade, que eu creo que debe ser un mecanismo importante, e onde se nos dixo que este ano a Garda Civil ia dar unha dotación superior e que ia ser declarado posto principal dentro duns meses, e desgraciadamente estamos vindo que no día a día non hai 3 turnos, 3 para Baiona e Nigrán, si hai unha patrulla de noite, non hai de mañán, non estamos cubertos por algo que entendemos debía ser.

Ademáis digo outra cousa, o COPTOPT dí “salvamos moitas vidas en carretera”, e un razoamento teórico; na práctica, os que confesan que chegan en NOITEBUS, si tiveran que vir a Baiona en coche, virían unha décima parte. ¿Cál é a seguridade deses xóves que cruzan para parar ós autobuses? Entendemos que ningúna. Noutras cidades existe o buho, e leva servizo especial de seguridade; e tamén hai o que transporta hinchas radicais de equipos de fútbol, se fai con policía especial. O NOITEBUS foi pensado para a xente xóve, nada máis, e a conselleira fixo o recorrido por Sanxenxo as 12 da noite, pero non foi ás 5 da mañán. E xa houbo tamén denuncias de conductores de ATSA para que lles demos autoridade, para que protexemos ós conductores, e tamén temos que protexer á xente que vai a Vigo a traballar porque non van seguros.

Invito ós corporativos, á conselleira e á delegada, a que vaiamos ó muelle este sábado ás 9 da mañán e ao mellor hai un problema serio de verdade. O noitebus é unha parte importante do problema, é xente que non reside aquí, moitos menores de idade, pero ademáis se fan controis de alcoholemia, se incrementou a plantilla en 3 policías máis, nos deron unha excepcionalidade para contratar máis, pero non podemos máis, e creo que todos temos que ter unha visión posterior; e señor Lores, eu non teño nada en contra de ninguén, non estamos pelexando con nadie a través do NOITEBUS, estamos loitando por algo que pode valorar a calidade de vida dos veciños e dos xóves, e si estivera outro goberno diríamos exactamente o mesmo. Tratamos de salvar a saúde da xente xóve e debemos de sumar medidas.

A Lei antibotellón de Pontevedra o único que pode regular é onde se pode facer o botellón; en Baiona está clarísimamente sinalada, pero nós temos que disminuir a cantidade de xente que ven a Baiona, non podemos dar facilidais, o único que decimos con esta moción é que creemos que por responsabilidade debemos dar seguridade os nosos veciños.

SR.LORES, PSOE.- E sorprendente que a única medida que pida o goberno local é a supresión do NOITEBUS. Este é un problema de tomar decisións e de tomar medidas, e ademáis falan de 3000 persoas, non sei como serán os autobuses pero imaxino que como moito caberán 50. O que dí o Alcalde do problema real do consumo de alcohol tamén é certo, hai que télo en conta, e de feito recordará que por este portavoz sempre se fixeron esas críticas na Arribada, porque dános medo.

Penso que non queda dúbida de que todos os que estamos aquí temos sensibilidade e sabemos que non se pode potenciar o consumo do alcohol dunha forma indiscriminada, e moito menos a menores; o que non temos claro son as medidas que se están tomando, ou sexa, a única iniciativa do goberno municipal é a crítica ó NOITEBUS, non hai outra, non entendemos porque o casco vello non se declarou saturado de ruidos, non entendemos porque non se cumpren as ordenanzas que xa están; empecemos dunha vez.

O botellón é un problema, pero tamén hai máis cousas; que vostedes traian aquí este tema é dunha improvisación absoluta, isto xa se sabía antes, non é novo, fagamos un plan de seguridade, fagamos un plan estratéxico para ordear o verán. Que vostedes, en plena campaña, traian unha moción urxente, é que parece unha tomadura de pela, isto é unha improvisación absoluta por parte do goberno para un tema serio, e coincidimos en iso, co que non coincidimos é nin co procedemento nin coas propostas.

O problema o temos todos en Baiona, iso é o que nós criticamos profundamente e con absoluta lealdade, non podemos permitir que o último día de xullo traian esta moción urxente decindo que qué pasa co botellón, é unha falta absoluta de planificación e de xestión. E aínda por encima se trae a mediados de temporada unha



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

cousa decindo “é que isto é un desmadre porque a Xunta non nos apoia”, escoite: o botellón da Palma non o meteu Política Territorial; o ambiente nocturno de Baiona non o inventaron nin os membros do goberno nin os da Xunta, iso está ahí; nalgúns momentos se dí que tampouco é tan malo, o que sexa, pero haberá que regularlo dende o goberno municipal, e ahí sí que vai contar coa nosa colaboración, pero para regular, para tomar medidas serias, para dicir ¿qué vamos a facer?, ou é que ¿vaise solucionar decindo que non ó NOITEBUS?. ¿E qué pasa durante o inverno, é que non hai pandillas de aquí de Baiona que acaban en POVISA, e navallazos?, e non hai NOITEBUS. O outro día houbo agresións na calle de Elduayen, no pleno centro de Baiona ¿non pasou por alí ningúnha patrulla municipal?, eu invitolle, como invito á concelleira, á plaza que hai ó lado do Concello, ás portas do Concello, onde se compra o alcohol, coño, solucionemos o que temos dentro, e despois pidamos responsabilidais e axudas, pero primeiro solucionemos o que temos dentro; aquí, a 100 metros do Concello hai unha cola de 100 metros, con nenos menores de 16 e 18 anos. Empecemos pola casa, pola súa, e pola nosa, Sr. Alcalde, dos 17 corporativos que estamos aquí, nada máis.

SR.ALCALDE.- Aclararlle que a Policía abre expedientes de venda de alcohol a menores e se trasladan á Consellería; estamos esperando que a Consellería sancione, igual que o tema dos horarios locais. Nós, como Policía Local, solo podemos denunciálo e enviálo á Consellería para que emita sanción.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu creo que si foramos asépticos a ningún partido político claramente podíase entender que detrás desta moción existe unha visión política e partidista, así de claro.

Por outro lado vostede fixo unha exposición anteriormente razoada e lóxica, e eu ao mellor si vostede dí nesta proposta que debe de adxuntarse as medidas de seguridade a autobuses e medidas de seguridade a certas áreas e tomar certas medidas, evidentemente é de sentido común, ou sexa, non cabe máis que iso. Pero eu lle volvo a repetir que para nós a solución está en regular, en regular e crear ordenanzas.

Decía o Sr.Vilar que os feitos que ocorren agora non ocorriron nunca, iso é incerto; Sr.Vilar, a que hoxe é avenida ou rúa da Area, estiven vivindo eu moitos anos, Sabarís, Area, 46, para centrarnos: á altura da OPEL, e non quero recordarlle a vostedes (ao mellor o Alcalde estaba alí disfrutando como todos, e me parece normal) o que padecíamos os veciños, ás 2, ás 4, ás 6, da mañán, ás 9, etc.m entre o Pub Villa María e o Persígueme Rodríguez, e todos os demáis do medio, e non quero dicirle o que padecíamos nin quero contar o que atopaba na entrada da miña casa; nin quero contarlle tampouco das escenas que se veían naqueles campos baleiros que había arredor da miña casa, nin o número de accidentes mortais que vivín e tiven que socorrer en máis dunha ocasión con xente bebida que viña dende Vitoria a tomar unha copa a Baiona ás 4 da mañán; llo podo asegurar, dende Vitoria, Cádiz, Madrid, a tomar unha copa a Baiona, claro, cando marchaban a maioría deles ía en ataud ou en ambulancia.

De iso lles podo contar moitas historias de todos os días do verán, e que o Sr.Vilar viviu porque naquel momento era Alcalde; e recordo o famoso día do concerto de Mano Negra en Villa María, ¿se acorda?, todos os veciños estivemos diante da porta de Villa María porque xa ó día seguinte había outro concerto programado no que se estimaron máis de 10.000 persoas, daquela vostede o pechou porque xa non había máis solucións, foi o límite; había casa de veciños nas que reventaron as copas co sonido que provocaba o concerto, e os cristais.

Resulta que agora este é un problema que non sucedeu nunca, agora sucede en Baiona; agora en vez de suceder no centro de Sabarís sucede no centro de Baiona, e hai que buscar solucións, evidentemente; isto xa é un problema vello, cambian de sitio, pero é un problema vello.

Hai que buscar solucións, e naquel momento non existía NOITEBUS; hai que buscar solucións, en iso estamos dacordo.

(Sendo as 14,25 horas se ausenta o Sr.Rafael Estévez, PSOE)

SR.ALCALDE.- Aquí se dí ata que non se garante a seguridade.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Iso é unha area nunha praia; o importante é o que hai que facer é subir ás murallas e ver o que é o botellón e ver o que pasa, iso é unha acción de goberno; eu si estivera de concelleiro delegado me imaxino que empezaría a tomar esas medidas para poder atallar o problema de cuaxo, porque é certo que son uns poucos, pero mire, na miña casa ao mellor eran sempre os mesmos pero viñan ás 2, ás 3, ás 5 da mañán, a tocar no tibre; eran poucos, pero viñan aqueles desgraciados e xa se armaba a marimorena, todos os días, a todas horas, e non era a mín so, tamén rotura de frutais, rotura de portais, facían as necesidais e outras historias diante da porta, rompían botellas, atacaban ós animais, eses cafres atacaban ós animais, había que ter un seguro de responsabilidade civil por si ó animal llo atacaban os indesexables, etc., un lío, un lío que vivimos nos anos 90, había que estar alí para vivílo; por iso eu cando collín Seguridade Cidadá tiña moi claro que os veciños do casco vello tiñan dereito a dormir, e moitos me dicen que foi o único ano que durmiron tranquilos, ¿porqué?, porque cada ún ten que tomar as súas responsabilidais e facélas cumprir, é dicir, vostede, aínda que sexa un gran pequeno, colabore tamén e aplique as ordenanzas que existen, as de Ruido, etc., e si falta algunha máis, e copiálla dalgún Concello, e adaptála, pois traia e fagámolo, aprobemos ordenanzas.

Eu creo que vostede está preocupado agora mesmo, está contra a espada e a parede, porque está vindo que se lle está desmadrando esta historia pero o que non pode é botar pelotas fora. ¿Eliminar o NOITEBUS?, non, esa non é a solución; e señora concelleira, si eu son chofer de ATSA e é tal e como dí vostede, eu non conduciría, pediría unha baixa, eu non son un suicida, non conduciría un bús pola noite, me imaxino o que pode ser, son situacións perigosas; xa a empresa debería esixílo, e nós, si temos que pedirlle á conselleira que meta seguridade nos buses, que a meta; pero ¿que os elimine?, non, eu non estou de acordo porque sería un problema mínima que ao mellor compensa por evitar desgracias maiores, e por outro lado vostede os sábados meta controis de alcoholemia, e tamén pola semana, porque lle podo asegurar que cando a unha persoa lle cae un xuízo lle pasa a borracheira de repente; iso sucede e nos pasaría a nós; e si estiveramos en medio do mogollón nós tamén actuaríamos como actúa todo o mundo, nin máis nin menos, ¿ou que nós si nos emborrachamos algúnha vez somos mellor que os demais?, para nada. Cada ún ten que facer cumprir as súas responsabilidais, e vostede as súas, lle coste votos ou non lle coste, esa é a diferenza entre ser un bó político e responsable, a un mal político que fai políticas populistas; de iso xa tivemos, eu vivín unha vez un primer teniente de Alcalde que quixo anular os controis de alcoholemia fai pouco, e non vou dar datos porque todos sabemos de quen falo, e decía “eliminados porque queremos que a xente veña a Baiona”, e que ó final xenera en isto que estamos vivindo, ó final o tempo pón a cada un de nós no seu sitio.

Conte con nós para negociar entre todos, falar de medidas efectivas, pero non nos pida que tomemos parte dunha postura partidista de que aquí todo o que ven da Xunta é malo; é non é unha Consellería que lle corresponda ó BNG, pero nos parece que non é xusto; que a medida é boa, discutimos con quen haxa que discutir, e buscaremos as solucións máis axeitadas, esa é a nosa postura.

SR.VILAR, CMÑ.- Neste debate se quer pechar os ollos á realidade. Eu quero decirlle ó señor Fernández que antes de que él pechara establecementos eu xa pechei non só Villa María, pechei todos, na recta estiveron todos pechados, dende o Persígueme Rodríguez, a Bicy, etc., incluso na propia Baiona, e houbo movidas, houbo manifestacións, pero ó final puxemos orde.

Pero o tema do consumo de alcohol é moito máis complexo do que vostede cree; existen auténticas mafias arredor deste consumo que queren potenciar este consumo, e antes este consumo se facía nos pubs, nas discotecas, e agora o fan os xóvenes comprando nas tendas, a cuestión é consumir alcohol; nos atopamos nunha loita contra enemigos moi difíciles de combatir porque maneixan moitos millóns e porque realmente lle vai moito neste xogo, que utiliza incluso ós xóvenes; o que é lamentable é que a Administración Pública potencie este consumo en temas como o NOITEBUS, eu o teño clarísimo: o NOITEBUS trae xóvenes a Baiona a emborracharse, menores de idade; e hai que acabar co NOITEBUS igual que houbo que pechar os establecementos. ¿Qué logo haberá que tomar outras medidas?, ben, se tomarán, pero aquí non hai que andar con gaitas: o NOITEBUS é unha lacra para Baiona, e é lamentable que a Administración Pública esté potenciando o NOITEBUS, porque o principio do dereito ó descanso non o escoitei a ningún gobernante dos que actualmente gobernan na Xunta. Si defenderan a restrición do consumo de alcohol non potenciaban o NOITEBUS, está clarísimo; é unha vergoña, é un escándalo. Por isto creo que como primer paso esta moción



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

nos vale pero senón habería que pasar a medidas maiores porque de verdade creo que o pobo de Baiona non vai a soportar NOITEBUSES de agora en adiante. Moitas grazas.

(Sendo as 14,40 horas se ausenta o Sr.Manuel Marcote, PSOE).

Se procede polo Sr.Alcalde á votación da moción, resultando: votos a favor: 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 6, PSOE, abstencións, 2, BNG; polo cal resultada aprobada a Moción.

E polo cal, por maioría, se aproba:

Primero.- Reiterar la solicitud formulada por el Ayuntamiento de Baiona en fecha 18/07/2008

Que por parte del Ministerio del Interior se incremente el número de efectivos de los fuerzas y cuerpos de Seguridad de su competencia con el fin de garantizar la seguridad ciudadana en el municipio de Baiona, y en aras de la operatividad del protocolo de Colaboración firmado entre la Guardia Civil y la Policía Local de Baiona

Que la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes proceda a la supresión inmediata de la prestación del servicio NOITEBUS Vigo-Baiona.

Segundo.- Remitir el presente acuerdo a la Subdelegación del Gobierno y Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

9.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS DO PSOE.- SR.LORES.

1º.- Respecto a este saúda que acabamos de recibir, que se vai a dar a Medalla de Ouro ós Alcalde dos últimos 50 anos, O ROGO é que non o fixeran. Eu creo que primeiro, aquí dí según o acordo plenario do 2005, non sei que acordo plenario; despois, este vai ser un acto que a mín paréceme unha provocación, e non teño nada en contra destes señores.

ROGOS DO BNG.- SRA.RODRIGUEZ.

1º.- Nós temos un ROGO que máis ben é unha suxerencia, podemos metélo como ROGO ou como suxerencia: si o goberno municipal, tanto o Alcalde, como o Concelleiro de Medio Ambiente, si bota semente de gramón na praia da Barbeira teríamos unha praia verde, de herba; aseguralle que saería herba. Tal e como está neste momento seríamos o primer Concello do mundo que ten unha praia en vez de area, de herba.

2º.- Apoiar o ROGO que fixo Rafael Lores, do PSOE, de que non entreguen estas Medallas.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

PREGUNTAS FEITAS NO PLENO ANTERIOR POLO PSOE. (E RESPOSTAS).

Respostas do SR.VILAR, CMÑ, feitas con respecto á concellalía de Medio Ambiente.

Pregunta.- ¿Quen solicitou a aportación da area ós arenais da Ribeira e da Barbeira?.

Resposta.- Foi unha petición que fixo o Concello de Baiona ó Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Medio Ambiente.

Pregunta.-¿Cál foi a cantidade que se solicitou?.

Resposta.- A necesaria.

Pregunta.-¿ Quen dirixiu a operación deste desastre por parte do Concello?.

Resposta.- Coordinouse por parte da Concellalía de Medio Ambiente.

Pregunta.- Unha vez que se estaba a ver que era excesiva a area que se estaba depositando nas praias da Ribeira e da Barbeira e que ían a sufrir danos irreparables os nosos arenais ¿porqué non se parou nese momento?.

Resposta.- Non se parou porque a area non era excesiva, foi a necesaria, e non houbo danos irreparables porque de feito se rexeneraron uns arenais que estaban completamente perdidos, e incluso o propio GREENPEACE estivo alertando da desaparición da praia Barbeira, xa estaba practicamente o canto rodado aforando á superficie. Entendemos que foi unha rexeneración modélica, que os resultados haberá que vélos cando a natureza empece a facer o seu traballo; quedará impecable.

Pregunta.- ¿Ten o Concello un estudo da evolución deste vertido (e agora sí xa falo de vertido) e de como vai a evolucionar coas mareas e como vai a afectar ó marisqueo?.

Resposta.- Existen uns análises biolóxicos que se lle aportaron á Cofradía de pescadores, que indican que a area é óptima para o marisqueo ó carecer de metais pesados. En canto á evolución dese vertido, quedou a praia Barbeira nunha situación óptima, igual que a praia Ribeira, si queren máis información poden dirixirse á Xefatura Provincial de Costas do Ministerio de Medio Ambiente do Goberno do Estado.

Pregunta.- ¿Porqué non se toma a decisión de retirar o exceso de area?, ofrézcome voluntario a ir cunha carretilla e unha pala.

Resposta.- Eu lamento que o Sr.Lores non se presentase alí cunha carretilla e cunha pala porque podería axudarnos en algo a rematar algúns detalles. Penso que non se tomou esa decisión porque a area era xusta e necesaria.

Pregunta.- ¿Cando visitou Baiona o inspector da ADEAC?. ¿Cál foi o seu informe?.

Resposta.- O inspector visitou Baiona no momento que lle tocaba, incluso estabamos con obras na praia Ribeira e nos felicitou pola decisión do Concello de Baiona de non ondear a Bandeira Azul ata que remataran os traballos.

Pregunta.- ¿Qué pasou coa bandeira azul da praia da Ribeira?.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Resposta.- A bandeira azul da praia Ribeira ondea maxestuosa no mástil que temos alí, como símbolo de orgullo para todos os que nos adicamos á rexenaración de praias e potenciar a nosa riqueza turística nas praias de Baiona.

Pregunta.- No próximo Pleno ¿teremos bandeira azul?.

Resposta.- Estamos xa no próximo Pleno e creo que a bandeira azul ondea xa dende fai varias semanas, practicamente dende que remataron os traballos.

Pregunta.- ¿Qué medidas vai a tomar para que no próximo Pleno teñamos bandeira azul?.

Resposta.- Xa temos bandeira azul, iso cae de caixón.

Pregunta.- ¿Qué medidas vai a tomar o Concello para recuperar este desastre provocado pola incompetencia e incapacidade do equipo de goberno?.

Resposta.- Entendo que o Goberno de España actuou con bastante lóxica a través do Ministerio de Medio Ambiente e secundado por unha excelente colaboración por parte da Administración municipal, e a mín me gustaría, en nome de todos, agradecer a colaboración que o Ministerio de Medio Ambiente do Goberno de España tivo con Baiona, unha sensibilidade especial. Teño que recoñecer que foi gracias ás xestións que se realizaron sobre todo dende a Alcaldía; o Alcalde tivo un gran mérito neste tema da aportación de area para as nosas praias.

PREGUNTAS FEITAS NO PLENO ANTERIOR POLO BNG. (E RESPOSTAS).

Respostas do SR.VILAR, CMÑ, feitas con respecto á concellalía de Medio Ambiente.

Pregunta.- Na entrada do Parador non se pode aparcar cos vehículos particulares porque deixouse esa rúa para os autobuses, ¿porqué na rúa Uruguay segue habendo toda unha beirarúa para aparcar autobuses?

Resposta.- A entrada do parador regulouse para apeadero de autobuses de excursións, ou sexa, discretionais, e unha vez que se efectua esta carga e descarga de viaxeiros van a aparcar á zona da rúa Uruguay para logo regresar aquí a recollélos. Penso que foi unha medida óptima recollida con satisfacción polos empresarios, polos propios usuarios, e creo que está funcionado correctamente.

PREGUNTAS FEITAS NO PLENO ANTERIOR POLO PSOE. (E RESPOSTAS).

Respostas do SR.ALCALDE.-

Pregunta.- ¿Para cando está previsto que funcione o ascensor da Praza de Abastos?.

Resposta.- En canto chegue a autorización da Consellería de Industria.

PREGUNTAS FEITAS NO PLENO ANTERIOR POLO BNG. (E RESPOSTAS).

Respostas do SR.ALCALDE.-



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Pregunta.- Sabe vostede, Sr.Alcalde, da sentenza creo que do Tribunal Supremo, lle obrigaba ó Camping da Ladeira a retirar os bungalows e a pagar unha multa, que xa pagou, creo que de 20 millóns de pesetas, se presentou un recurso no Constitucional ¿teñen algunhas noticias dese recurso?.

Resposta.- Ningunha, aínda pregunteille á Secretaria e non temos nada. Se decía que ían a presentar recurso de amparo ó Constitucional pero noticias non temos.

1º.-Polo Sr.LORES, PSOE, se ensina un escrito do Xulgado e procede a súa lectura: “Queremos preguntarlle si ten coñecemento de que o Xulgado nº 5 hai unha instrucción que dí “por el Ministerio Fiscal se formula querella por presunto delito de prevaricación contra el Alcalde y miembros de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Baiona en febrero de 2008 haciendo constar que la misma relación de circunstancias, hechos, interesados en las prácticas diligencias y por último, en la solicitud de su admisión a trámite”.

SR.ALCALDE.- Conocimiento oficial al día siguiente al Pleno, el lúnes siguiente al Pleno.

2º.-ESPERO QUE teña coñecemento o Sr.Alcalde de que o día 7 ou 8 de outubro teñen o Alcalde e os membros da Xunta de Goberno que ir a declarar ó Xulgado. De tódolos xeitos nos gustaría estar informados de todo o procedemento.

SR.ALCALDE.- - O Alcalde irá o día 7 de outubro ó Xulgado con todos os informes técnicos favorabeis á decisión que tomou o Alcalde e a Xunta de Goberno defendendo os intereses de Baiona. Estarán informados perfectamente a través noso e dos seus compañeiros.

SR.VILAR, CMÑ.- Creo que no último Pleno o Sr.Fernández fixo unha grave acusación é equipo de goberno sobre unha parcelación no Burgo, en concreto de D.Arturo Longoni de Castro.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, vostede dixo que o Concello de Baiona non actuara contra un promotor nunha parcela no Burgo; o comentario vai sobre iso.

SR.VILAR, CMÑ.- O Sr.Fernández deixou caer que nós non habíamos actuado, eu quero decir que o 14.9.04 houbo unha sesión da Xunta de Goberno Local á que asistiu o Alcalde-Presidente D.Luis Carlos de la Peña, e os concelleiros Dna.Isabel Domínguez, D.Rafael Lores, e D.Xose Enrique Fernández, curiosamente non asistiron nin Manuel Vilar nin Jose Miguel Pérez Vázquez, na que se autorizou a D.Arturo Longoni de Castro para parcelación no Burgo según proxecto do Arquitecto D.Jose Luis Albar Riveiro. Esta era a parcelación da que nos acusou o Sr.Fernández.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu non estiven falando da parcelación, estiven falando duns chalets ilegais no Burgo, e dunhas obras e unha casa catalogada por Patrimonio, ilegal, da que había un informe da Policía Local a requerimento do BNG, a que vostedes meteron no caixon e non fixeron caso. A parcelación foi aprobada polo goberno anterior cos informes favorabeis do equipo técnico do Concello e de Patrimonio, e si en Patrimonio meteron a pata pídandle responsabilidais a eles, non a nós. Pero vostedes consentiron rematar uns chalets e unha obra que nós habíamos denunciando, que la Policia fixo o seu traballo e cando chegou aquí se meteu nun caixon e se mirou para outro lado.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Vostede dixo que consentiamos a remodelación dun chalet catalogado e que aumentaban os beneficios dun promotor urbanístico, pero resulta que eses beneficios os consentiron vostedes ó consentir a parcelación que en vez de unha casa ían facer 4 chalets; e foi declarado polo Consello de Contas ilegal. A licenza a deu o goberno local de Baiona encabezado por D.Luis Carlos de la Peña, e estaba vostede na Xunta de Goberno.

PREGUNTAS do PSOE.

1º.- Quixera preguntar sobre os verquidos que se están a producir en Sabarís. Saber exactamente en que situación están, tanto en Sabarís como ultimamente se teñe dado algún na Concheira.

SR.ALCALDE.- Ten que especificar verquido, día e zona, senón é imposible contestar de maneira xenérica. As pegatinas de Alcalde incompetente que firma o PSOE supoño que serán por todo isto pero lóxicamente o Alcalde, unha persoa sería, non entra no insulto a vostedes, pero como é serio quere que lle digan cando e qué verquidos. Aclare a pregunta e lle contestaremos no próximo Pleno.

SR.LORES.- Os verquidos existentes en Sabarís, na Foz, e máis na rotonda do camping Ladeira, e tamén últimamente dous que se produciron na Concheira.

2º.- Preguntar sobre a concesión de servizos de hamacas nas praias de Baiona, si esa concesión ten dereito á reserva de espazo. Unha cousa é o aluguer de hamacas e outra o despregamento das hamacas e que os veciños e usuarios teñamos que adaptarnos a ese desenrolo, queremos saber si na concesión está incluída esa reserva de espazo.

3º.- Tamén queremos saber o número de hamacas da concesión na praia Ribeira, Santa Marta e Concheira.

4º.- Outra pregunta era sobre a problemática da noite e dos efectivos da Policía.

5º.- ¿Cal foi a última vez que se limparon os contenedores da Praza de Abastos de Marqués de Quintanar, Carabela Pinta, do muelle e do lado da Casa do mar?, porque realmente hai moito olor.

6º.- Supoño que non terá nada que vez a limpeza de contenedores co escrito que recibiron todos os comerciantes que hai que depositar o lixo antes das 8 da noite para facilitar a limpeza dos mesmos, ou despois, non se está facendo porque non se están limpando.

7º.- Queremos saber a qué é debido que este escrito xustamente en plena campaña de que no horario xusto de traballo teñan que levar os residuos de cartón e papel ata o punto limpo cando ata agora este non era para comerciantes nin empresarios senón simplemente para veciños e usuarios. Nos gustaría saber si este traballo que nós entendíamos ia estar cuberto pola concesión da xestión do punto limpo vai a supór unha rebaixa na taxa da recollida de lixo para os comerciantes.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as tres horas do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.